


**anda!na**

57

revista galega de pensamento feminista  
1/2011 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 10 Revolución dos xasmíns, Revolución da mocidade**
- 12 Folga xeral do 27 de xaneiro de 2011**
- 14 Sinaléctica sexista**  
Patricia Arias Chachero
- [ENTREVISTA] **19 Conversando con Montse Neira**  
Saleta de Salvador Agra  
e M.ª Teresa Gómez Louzao
- 25 A muller baixo o franquismo (2ª parte)**  
**O concepto de muller nos textos da Sección Femenina de Falange**  
Victoria Martins R.
- 28 Un universo por descubrir**  
**As mulleres na astronomía española:**  
**Análisis dunha situación singular**  
Josefina F. Ling (do grupo  
«Ela é unha Astrónoma»)
- 35 Sempre malísima**  
Comba Campoy
- 38 Sobre a 1ª edición do MUFEST**
- [LEMBRANZAS] **40 Fina, de labrega a empresaria de invernadoiros**  
Cristina Feal González
- [FILMES] **42 También la lluvia**  
Laura Gómez Lorenzo
- [LIBROS] **44 Lidia Senra Rodríguez:**  
**A historia dun liderado entrañable**  
Nanina Santos

Revista Galega de Pensamento Feminista  
Primeiro cuadrimestre, 2011  
Apdo. 1058 Santiago de Compostela  
[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

Consello de redacción  
Nadia Álvarez Fernández  
Ana Arellano  
Patricia Arias Chachero  
Celia Balboa Guerra  
Dalila Dopazo  
Zélia Garcia  
Laura Gómez Lorenzo  
Pilar Pérez Rey  
Saleta de Salvador  
Nanina Santos  
Iria Vázquez  
Estrela Villaverde

Colaboran neste número  
Patricia Arias Chachero  
Saleta de Salvador Agra  
M.ª Teresa Gómez Louzao  
Victoria Martins R.  
Josefina F. Ling  
Comba Campoy  
Cristina Feal González  
Laura Gómez Lorenzo  
Nanina Santos

Deseño gráfico: [uquicebra.com](http://uquicebra.com)  
Imprime: Grafisant, S.L.  
D.L.: C-1.146-88

Ei! Ola! Aí estades! Que ben que nos seguides lendo! Con este número *Andaina* cumpre vinte e oito anos, chegamos ao número 57 da segunda xeira, así que ímolo celebrar. Non hai porque agardar as cifras redondas, os tempos corren demasiado apresa e polo que poida pasar, máis vale celebrar agora que seguimos aquí, no medio deste tumulto que non se sabe cara a onde nos levará.

As diversas crises que se entrecruzan neste principio de século están deixando escorregar polo sumidoiro do pragmatismo valores que antes parecían básicos, como a solidariedade entre pobos e persoas, a distribución máis equitativa da riqueza, o respecto polos recursos do planeta, a sinceridade e decencia dos gobernantes... Malos tempos para a lírica... Pero non convén desistirse, porque o medo ao futuro soe conlevar un auxe das posicións máis conservadoras e con elas as mulleres levamos as de perder. O desemprego das mulleres non se ve coa mesma gravidade co dos homes, a non ser que o seu soldo sexa o único que entra na casa, porque normalmente durante o paro a muller dedica máis tempo ás tarefas do fogar e ao coidado dos fillos, dos pais... As tensións ás que están sometidas as persoas cando minguan ou desaparecen os seus ingresos aumenta os enfrontamentos e a violencia. Tamén a violencia contra as mulleres. Acéptase como necesario o recorte dos gastos públicos e que se pospoñan programas e medidas para favorecer a igualdade entre homes e mulleres. A lei de dependencia, que podería liberar a moitas mulleres das cargas de coidar a enfermos e maiores, non termina de aplicarse e fálase da posibilidade de revisar algunhas medidas da lei de interrupción voluntaria do embarazo...

Pero tamén das situacións convulsas saen novas ideas e propostas. A loita que está a acontecer nos países do norte de África e Oriente Medio conta cunha importante participación feminina.<sup>1</sup> Os medios apenas falan das mulleres, pero a súa participación tense divulgado a través das redes sociais<sup>2</sup> e grazas a elas coñecemos a súa coraxe para enfrontarse a uns réximes ditatoriais, onde a maio-


ría da poboación vive na pobreza, pero tamén a uns costumes sociais que as relega ás sombras. Esta loita polas liberdades e contra a pobreza que está acontecendo no mundo árabe non sería posible sen a participación activa e definitiva das mulleres deses países. Xa non se pode ocultar a importancia das mulleres en calquera intento de cambio.

E, por aquí, onde non hai máis revolucións que as individuais, aprender a consumir máis conscientemente, aínda que sexa forzadas polas circunstancias, non está tan mal. Desemascarar ao capitalismo de todas as súas supostas bondades, e as entidades financeiras das súas trampas, tampouco.

Tal parece que hai crise para longo, pero non hai que deixarse levar pola apatía nin polo medo.

O medo paraliza os avances e déixanos á intemperie dos depredadores, como ben nolo teñen ensinado as mulleres árabes nestas últimas loitas. Por iso aínda estamos aquí, dando *caña* co convencemento de que esta andaina paga a pena. E queremos celebrar. Hai vinte e oito anos que saímos a rúa e xa estamos no número 57. E coa alegría de ter asistido á II edición do MUFEST. Así que ánimo e felicidades! ■

## editorial



<sup>1</sup>[http://www.diarioliberalidade.org/index.php?option=com\\_content&view=article&id=11788:mulheres-estao-nas-ruas-como-parte-fundamental-da-revolucao-arabe&catid=88:mulher-e-lgbt&Itemid=100](http://www.diarioliberalidade.org/index.php?option=com_content&view=article&id=11788:mulheres-estao-nas-ruas-como-parte-fundamental-da-revolucao-arabe&catid=88:mulher-e-lgbt&Itemid=100)

<sup>2</sup><http://www.facebook.com/pages/Women-Of-Egypt/188702194487956?v=wall>

<http://www.doublex.com/blog/xx-factor/women-are-substantial-part-egyptian-protests>

# denuncias e comentarios

## Ah! As bágoas de muller!

Investigadores israelís do Instituto Weizmann publicaron na revista *Science* os seus traballos sobre as bágoas de muller (recollidas mentres vían películas tristes) que achegaron a grupos de varóns mentres estes visualizaban fotos de mulleres. Os que uliron unha solución salina acharon as fotos máis estimulantes e as mulleres máis atractivas cós que uliscaron as bágoas. É dicir, que ulir bágoas de muller diminúe o desexo sexual do varón. Xa sabíamos que os sinais químicos humanos, mesmo dos que non somos conscientes, tocan ao comportamento dos demais. Xa Severo Ochoa dicía, «A vida é química e o amor, un xeito particularmente agradable da química».

Unha pregunta inocente, teñen acaso importancia unhas miserables bágoas de muller para investir tantos cartos nestas investigacións?

Igual vai sendo tempo de lle dar a razón a Emily Dickinson (1830-1886) cando escribía naquel poema:

It's such a little thing to weep-  
So short a thing to sigh-  
And yet -by Trades- the size of these  
We men and women die!

É tan pouca cousa o chorar  
Cousa tan breve o suspirar  
E non obstante, por artes desta grandeza,  
Morremos homes e mulleres ■

**David KATO** (1968-26 de xaneiro de 2011), activista gai ugandés foi asasinado a golpes na súa casa de Kampala. Dous meses antes, a revista local *Rolling Stones* -nada que ver coa revista musical do mesmo nome-, que leva campañas contra a homosexualidade, publicou os nomes e fotos de 100 persoas presuntamente homosexuais nun artigo no que chamaba á execución dos mesmos. A policía culpou da súa morte uns ladróns. O pastor evanxélico que oficiou no funeral criticou a David Kato por gai e a veciñanza negouse a soterralalo, cousa que houberon de facer os amigos. En Uganda os homosexuais poden ser condenados a 14 anos de cárcere. Hai un par de anos, o parlamentario David Bahati promoveu unha campaña pedindo para os gais a pena de morte. Quedou en suspenso pola presión internacional. ■

**Millicent Gaika** foi atada, torturada e violada durante cinco horas por un home que se gababa de estar *sandánda* da súa homosexualidade.

Crime espantoso que constitúe unha práctica habitual en Sudáfrica. Pese a isto, aínda ninguén resultou condenado por «violación correctiva».

Un grupo de activistas dunha casa-refuxio en Cidade do Cabo están pelexando para conseguir que o caso Millicent sirva para lograr cambios. O seu chamamento ao ministro de Xustiza conseguiu máis de 140.000 sinaturas o que o forzou a aparecer na televisión do país. O ministro aínda non contestou as súas demandas. Circulou unha campaña en Internet a comezos de xaneiro para esixir ao presidente Zuma, responsable último da defensa dos dereitos constitucionais, e ao ministro de Xustiza que condenen publicamente estas *violacións correctivas*, que ilegalicen estes crimes de odio e promovan campañas contra a homofobia e o machismo. [https://secure.avaaz.org/es/stop\\_corrective\\_rape/?v1](https://secure.avaaz.org/es/stop_corrective_rape/?v1)



Máis información en:

Lesbianas sometidas a *violación curativa* (IPS): <http://ipsnoticias.net/nota.asp?idnews=93212>

Blog de Luleki Sizwe, a organización surafricana que está liderando a campaña que pide ao Goberno que poña fin ás *violacións correctivas*, á vez que ofrece axuda ás vítimas (en inglés): <http://lulekisizwe.wordpress.com>

Lesbianas surafricanas expostas a *violación curativa* (AWID): <http://www.awid.org/esl/Temas-y-Analisis/Library/Lesbianas-sudafricanas-expuestas-a-violacion-curativa>

O caso de Eudy Simelane: violada e asasinada por ser lesbiana (*El Mundo*): <http://www.elmundo.es/elmundo/2009/03/13/solidaridad/1236928818.html>

Entrevista televisada co ministro de Xustiza Radebe (South African Broadcasting Corporation) (en inglés): <http://www.youtube.com/watch?v=lkx-PYqHM0U> ■



**Obdulia Díaz e a súa filla Lola Nóvoa** teñen desde finais de xaneiro una escultura na praza Saco e Arce de Ourense que as lembra. No acto inaugural colocaron una pancarta que resumía todo: «Abuela y madre de niños propios y ajenos».

Obdulia Díaz adicou a súa vida a criar os nenos sen recursos, de forma destacada fillos das mulleres que exercían a prostitución nos locais do casco histórico. O promotor da homenaxe e autor da escultura, o artista Manuel Penín, lembráboo na inauguración: «Eu vivín aquela historia de primeira man, porque tiña un amigo que se criou con ela. Como ademais estudei en Irmáns Villar e no Otero Pedrayo, vía a diario o que facían. Foi unha muller admirable, como a súa filla, que tiña como único obxectivo criar estes nenos, velos medrar e darlles unha educación. Aínda lembro vela acompañada de nenos e máis xente, baixando todos os días ás Burgas a lavar e a peza que hoxe inauguramos rememora aquela táboa de lavar». ■

**Angela Merkel** si que ten poder e autoridade. Vén por aquí a darse un garbeo para dicirnos aos pobres provincianos se estamos facendo *ben* as nosas tarefas. Facelas, a gusto do capital.

Ademais, sei que agora quere levar para Alemaña os xoves ben formados...

Así me gusta: nós pagamos a súa formación e Alemaña beneficiaa. E todos tan contentos que onde hai patrón non manda mariñeiro! Para que logo digan que as mulleres non mandan! ■



**A Fiscalía Xeral do Estado** rexeitou o 1 de febreiro abrir unha investigación en todo o territorio sobre os bebés roubados durante a ditadura franquista e até finais dos anos oitenta.

Pide a cada familia que denuncie no xulgado territorial correspondente onde se produciu o delito.

O argumento? Os responsables destes roubos –co presunto diante– non formaban unha rede delituosa, senón que operaban en diversos puntos do estado.

A Asociación Nacional de Afectados por Adopcións Irregulares (ANADIR) esixe á xustiza que destape a mafia que traficaba con nenos, foi quen presentou a demanda o 27 de xaneiro.

José Eduardo Castro, *Lalo de Ordes*, sumouse a esta demanda. Dos documentos que conseguiu xuntar da súa propia historia hai tufos que... e parécelle claro que había persoas e organizacións que fixeron negocio con estes mercados, onde, naturalmente, sectores da Igrexa, neste caso freiras, andaban polo medio. Lalo naceu o 13 de abril de 1978. Saíu do Hospital da Cruz Vermella de Vigo, onde pariu a súa nai, cos apelidos dos pais adoptivos (a lei de adopción esixía 6 meses e un ano para inscribílo no Rexistro Civil). A directora naquelas alturas do Fogar Santa Isabel de Vigo, das Servas da Paixón, que ía pola casa dos pais de Lalo todos os anos botar uns días a corpo de raíña e buscar o seu sobre de cartos, negouse a darlle calquera información. ■

## G. Sand

No 2010, melómanos e industria da música celebraron o 200 aniversario do nacemento do gran F. Chopin, pianista polaco-francés (se me permiten). Edicións, reedicións, recitais, concertos, libros, revistas, folletos e gravacións asomaron ao mercado enriquecendo o patrimonio existente sobre o autor.

Unha destas obras, un DVD co concerto de piano do pianista e director de orquestra arxentino Daniel Barenboim gravado no National Philharmonic Hall de Varsovia o 28 de febreiro de 2010. Na presentación do DVD, un folletíño en inglés, alemán e francés dun texto de Axel Brüggemann (xornalista de música, editor e publicista, nacido en Bremen en 1971) co título «Emotionale Philosophie» di: «Barenboim e Chopin son dous pensadores emocionais. Chopin, que estaba leado coa “femme fatale George Sand”, amaba os desafíos intelectuais...».



George Sand, *femme fatale!* Aurore Dupin (1804-1876), a muller libérrima que leu incansablemente na súa infancia e adolescencia, vestiu de mozo para cabalgar e adoptou nome de varón, porque ela non cabía –e sabíao– nos límites nos que tiña que entrar unha muller. Partidaria do proletariado, da república e das revolucións que Francia viviu no XIX. Viviu amores apaixonados, entre outros con Chopin, que cando se encontrou con G. Sand tiña 28 anos, un carácter difícil, estaba tísico e o sexo dáballo noxo.

Porén non é cousa de contar a vida de G. Sand, é cousa de ver como se constrúe a misoxinia. Axel Brüggemann é un home novo, de 41 anos. Como pode falar de G. Sand como *femme fatale*? Ademais, pouco ha de coñecer da vida de Chopin se retrata esa relación de entrambos que durou once anos como unha relación cunha *femme fatale*. ■

## Os bispos españois son unha mina para esta sección!

Lembrades como terzaron en asuntos de malos tratos e unións amorosas? Eles, dos seus estudos –que non citaron–, da súa experiencia –tampouco a mencionaron– conclúen e dinnos a quen queiramos oídos que nas parellas que non pasaron pola vicaría hai máis casos de malos tratos que naquelas casadas «como Deus manda», por eles, os representantes de deus na terra.

Agora volven á carga coas vodas civís, «máis leves ca un contrato de telefonía móbil», dixo Martínez Camino voceiro e secretario da Conferencia Episcopal Española. Queren a toda costa desprestixialas, porque van quedando sen traballo, sen público, sen seguidores...

Sabiades que as vodas civís en Galiza non só superan, senón que DUPLICAN ás vodas relixiosas?

Velaquí uns datos do INI. No primeiro semestre de 2010 houbo en Galiza 3699 vodas: 2397 civís; 1247 polo rito católico e 14 por outros ritos.

Entre maio e xuño concentráronse a maior parte (2110). A Coruña e Pontevedra levan a palma, con 1624 e 1348 respectivamente, mentres Lugo e Ourense, con 393 e 334, perden ocasións de dicir *Vivan os noivos!*

Non é de estrañar que os bispos anden ladrando. ■

## Os datos económicos son un indicador clarísimo da discriminación das mulleres

Que as señoras, en calquera dos sectores nos que traballen, ganen menos cós homes non ten dúbida, mais o que resulta salientable é que conforme os salarios aumentan, o número de mulleres diminúe, e o contrario, a cantidade de mulleres que cobran menos do salario mínimo case duplica a dos homes.

### Persoas asalariadas segundo o tramo de salario percibido e o sexo. Galiza ano 2008

Tramo de salario	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
De 0 a 1 SMI	283.560	121.967	161.593	18,9%	32,90%
De 1 a 2 SMI	388.994	215.803	173.191	33,5%	35,30%
De 2 a 3 SMI	231.639	153.491	78.148	23,8%	15,90%
De 3 a 4 SMI	105.166	68.580	36.586	10,7%	7,50%
De 4 a 5 SMI	62.867	37.196	25.671	5,8%	5,20%
Máis de 5 SMI	62.628	46.871	15.757	7,3%	3,20%
Total	1.134.854	643.907	490.947	100%	100,00%

Fonte: Axencia Estatal da Administración Tributaria. Extraído de <http://www.aeat.es>

No ano 2008, cando o Salario Mínimo Interprofesional era de 600 €, había un 32,9 % de mulleres cobrando o mínimo, sendo a porcentaxe de homes dun 18,9 %.

Pola contra, unhas 15.000 mulleres, o 3,2 % de persoas asalariadas, chegaban aos 3000 € fronte ao 7,3 % dos varóns que ocupan este tramo salarial.

E con estes datos, quen pode dicir que a igualdade xa está conseguida? ■

# denuncias e comentarios

## Un 2010 formidable para algúns!

Preto de 8000 millóns de euros de beneficios gañaron os bancos españois en 2010: o grupo Botín logrou uns beneficios de 9000 millóns. Ana Patricia Botín, ex-presidenta de Banesto 3.000.000 de euros e Inditex de Amancio Ortega, o de Zara, gañou un 68 % máis que o ano anterior.

## Das pensións... falamos algo?

Quen de nós vai acreditar 38,5 anos de cotización para lograr a cotización íntegra aos 65 anos? Eu, en absoluto. Ti, si? Ponte en contacto connosco. Obterás diploma de traballadora exemplar.

Desde logo ese 20 % da poboación activa que está en paro nin soñalo. Para ter 38,5 anos cotizados aos 65 hai que traballar sen descanso desde os 26 anos. Ou 26,5. Sumade, sumade... Pero non se pode botar no esquecemento que o 43 % das persoas menores de 25 anos no estado español non estuda e non traballa. E nada presaxia que vaian atopar traballo ao cumprir os 26 os que hoxe teñen 25.

Ademais, nada de facer doutorados, mestrados, retirarse da vida laboral para criar fillos, investigar, marchar dun traballo que se fai insoportable. Traballar, traballar. Traballar sen descanso. Así, espreméndonos coma limóns. Tirarnos o zume, espremer a saúde, a alegría, as enerxías, o tempo de vivir.

## Que broma de mal gusto!

Perdemos prestacións, teremos que traballar –se temos sorte, inda por riba–, con idades onde apetece descansar e facer as cousas doutro xeito.

Iso sen falar dos traballos, dos xefes, das condicións, dos compañeiros e compañeiras que empurran, que acusan, que amargan. Da desgana tremenda de traballar nalgunhas condicións, sobre todo para as persoas a quen lles gusta facer ben o seu traballo.

Só querían retrasar o acceso das persoas traballadoras á prestación logo de estar ano tras ano chuchándonos dos nosos salarios –quen o teña e cando o teña–, porque o mercado laboral, cal forza centrífuga bota para fóra as persoas maiores de 50 (que xa somos máis torpes e menos dilixentes). ■

## Beatificarán e santificarán a Juan Pablo II



Faltaba máis!

O prefecto da Congregación para as Causas dos Santos, o cardeal Angelo Amato, nomeou unha comisión para beatificar ao anterior papa nun prazo récord: a 5 anos do seu falecemento!

O postulador da causa é o sacerdote polaco Slawomir Oder e a comisión encabézaa Patri-zio Polisca, médico particular de Benedicto XVI. Todos eles aprobaron o milagre presentado: a freira francesa Marie Simon-Pierre, da Congregación das Hermanitas das Maternidades Católicas que padecía párkinson –igual que Juan Pablo II–, foi curada de xeito «inmediato e inexplicable» após as súas oracións e peticións aos poucos meses da morte do papa. Curou o 3 de xuño de 2005, festa do Sagrado Corazón.

E xa está: eles guísano e eles cómeno e fan

santos e erguen aos altares, como din, a quen se lles acomoda, que para iso é o seu club.

Porén... Como e por que fan santo ese papa en medio da crise de escándalos, complicidades e encubrimiento de casos de abuso sexual e pederastia? Non só na orde de Lexionarios de Cristo e o seu fundador Macial Maciel, senón do clero católico en países como Irlanda, Alemaña, EE. UU., etc.

«Cómo pode chamarse agora “santo” a un home que foi cómplice de Macial Maciel e que o protexeu en contra das moitas denuncias de abusos sexuais cometidos nas filas dos Lexionarios de Cristo. É difícil de crer que o suban aos altares.

Juan Pablo II xamais terá xustificación de non lles ter feito xustiza a tantos menores, seminaristas, devotos e innumerables vítimas de delitos de abuso sexual cometidos polos membros do clero católico en moitas partes do mundo e que no seu momento denunciaron e pediron xustiza ao Vaticano.

É propio de cínicos pensar que Juan Pablo II ignoraba todos estes delitos que moitas veces foron comprobados e que foron reais nas filas da Igrexa católica. Joseph Ratzinger, antes de ser Benedicto XVI, non ignoraba todas as peticións de xustiza e a situación de abusos cometidos por sacerdotes. Agora se propón facer “santo” ao seu predecesor como unha medida dobreiramente necesaria, por unha parte lexitimarse como papa á sombra deste e, pola outra, tratar de recuperar credibilidade e maior devoción dos fieis durante o seu pontificado. Que desvergoña!»

Así se expresaba o 31 de xaneiro de 2011 Isaí Tejada Vallejo en *El Sol: El Semanario de la Familia Hispana*, xornal editado en Nova York (fundado en 1982 na cidade de Nova York, polo seu actual presidente, S. T. Arnulfo Arteaga R.). ■

# denuncias e comentarios



Los próximos días **2 y 3 de abril** tendrá lugar el III Encuentro de Otras Voces Feministas. Serán 2 días de debates sobre los siguientes temas:

1. Las políticas de igualdad y sus límites: el trabajo, el cuidado, la maternidad, el uso diferencial del tiempo.
2. Los procesos de divorcio: mediación, custodia de los hijos, el llamado SAP.
3. La transexualidad: reivindicación de su despatologización. Géneros y transgéneros: interrogantes para las teorías feministas.
4. La trata de seres humanos con fines de prostitución.

El precio de la inscripción será en régimen de pensión completa: **90 euros (hotel) y 60 euros (albergue).**

Más información e inscripciones:

[www.otrasvocesfeministas.com](http://www.otrasvocesfeministas.com)

## III Encuentro Otras voces feministas

Xa está aquí a terceira cita de Outras Voces Feministas, que terá lugar neste caso os días 2 e 3 de abril no albergue La Esgaravita, Alcalá de Henares (Madrid), con temas moi interesantes que tratar...

Para inscribirse: [www.otrasvocesfeministas.org](http://www.otrasvocesfeministas.org)

O prazo para a inscrición remata o 15 de marzo. ■

**A Consellaría de Pesca** acordou a retirada das axudas a mariscadoras de a pé maiores de 65 anos. Non cobran pensión de xubilación, porque non lles deu para pagar os anos suficientes. Xa sabedes: os traballos da casa, mariscar sen profesionalizarse (asunto recente que podedes ver no dossier de *Andaina*, núm. 54 e núm. 55).

Ao cumprir 65 anos a Xunta de Galicia obrigounas a xubilarse retirándolles os permisos de explotación e comprometeuse a lles dar unha axuda de 858 € brutos, dos que 308 € eran para pagar as cotas da Seguridade Social Obrigatoria.

Desde o 1 de xaneiro de 2011 a consellaría de Ana Rosa Quintana suprimiu esa axuda. Daranlles 308 € para o seguro.

«Temos que pedirles cartos aos nosos homes das pensións deles para poder vivir ou que facemos?» dixo unha das que participaron na protesta que fixeron a finais de xaneiro nos areais de Poio. ■

## Isto de José Carnero, como comelo?

Un xurado popular que o absolve por falta de probas. Totalmente de acordo. Sen probas non se pode condenar, por moito que a intuición, que todos os indicios apunten, que... SEN PROBAS non se pode condenar e o fiscal, que pedía dezasete anos por asasinato, non puido presentar ningunha proba irrefutable.

Mesmo se hai dúbidas, sempre a favor do reo. Convén non esquecer todas esas persoas que pasaron anos de cárcere, privadas de liberdade sendo inocentes. Nada digamos dos seres humanos *de terceira fila* –que non é certo que nazamos libres e iguais– que son levados á cadeira eléctrica, a forca ou a calquera outro sistema de practicar a pena de morte.

Porén, volvamos a José Carnero, da aldea do Couto en Sober, Lugo. Vai a xuízo logo de estar tres anos no cárcere acusado do asasinato, na súa casa de Sober, de Pilar Palacios Caballero, traballadora sexual a quen contrataba periodicamente, a quen matou e de quen apareceu o cadáver na corte da súa casa (2007).

O xurado popular absólveo e aos poucos días, nunha entrevista que lle fai Carlos Cortés do xornal *La Voz de Galicia* de Monforte (mércores, 2 de febreiro, páxina 9), dille, tan tranquilamente, que si, que foi el. Que «Claro que non hai probas, pero facer, fíxeno».

Unha queda estupefacta e non deixa de pensar no difícil da responsabilidade de vulgar. ■



Aquí hai importantes coincidencias: as dúas son de pactos, as dúas na Moncloa, en ningunha hai NINGUNHA, aínda que trinta e catro anos separen a unha da outra.



## 500 anos esta noite

Publicamos o poema que Pedro Tierra<sup>1</sup> adicou a Dilma Rousseff a noite da victoria da candidata do PT

De onde vem essa mulher  
que nos bate à porta 500 anos depois?  
Reconheço esse rosto estampado  
em pano e bandeiras e lhes digo:  
vem da madrugada que acendemos  
no coração da noite.

De onde vem essa mulher  
que bate às portas do país dos patriarcas  
em nome dos que estavam fementos  
e agora têm pão e trabalho?  
Reconheço esse rosto e lhes digo:  
vem dos rios subterrâneos da esperança,  
que fecundaram o trigo e fermentaram o pão.

De onde vem essa mulher que apedrejam,  
mas não se detém,  
protegida pelas mãos aflitas do povo  
que invadiu os espaços de mando?  
Reconheço esse rosto e lhes digo:  
vem do lado esquerdo do peito.

Por minha boca de clamores e silêncios  
ecoe a voz da geração insubmissa  
para contar sob sol da praça  
aos que nasceram e aos que nascerão  
de onde vem essa mulher.  
Que rosto tem, que sonhos traz?

Não me falte agora a palavra que retive  
ou que iludiu a fúria dos carrascos  
durante o tempo sombrio  
que nos coube combater.  
Filha do espanto e da indignação,  
vem da luz do olhar que recusa a indiferença  
diante da fartura e da fome.  
Filha da liberdade e da coragem,  
escolheu o alarido das ruas,  
ao silêncio dos quartéis.  
Recortado o rosto e o riso como centelha:  
metal e flor, madeira e memória.

No continente de esporas de prata  
e rebenque,  
o sonho dissolve a treva espessa,  
expõe os cambaus, a brutalidade, o pelourinho,  
afasta a força que sufoca e silencia  
séculos de alcova, estupro e tirania  
e lança luz sobre o rosto dessa mulher  
que bate às portas do nosso coração.

As mãos do metalúrgico,  
as mãos da multidão inumerável  
moldaram na doçura do barro  
e no metal oculto dos sonhos  
a vontade e a têmpera  
para disputar o país.

Dilma se aparta da luz  
que esculpiu seu rosto  
ante os olhos da multidão  
para disputar o país,  
para governar o país.

Pedro Tierra

Brasília, 31 de outubro de 2010 ■

---

<sup>1</sup> Hamilton Pereira (Pedro Tierra) visitou Galiza en maio de 2005 convidado por Galiza Sempre para falar da renovación do pensamento de esquerda na América Latina, despois de compartir con Xosé Manuel Beiras e Xabier Macías unha mesa de debate organizada pola FGS no V Foro Social Mundial de Portalegre. É poeta e foi preso político durante a ditadura. Un dos fundadores do Partido dos Trabalhadores integrou en 1996 a primeira dirección da Fundação Perseu Abramo <http://www.fpabramo.org.br>, da que foi presidente.

Como poeta ten publicado varios libros de poemas e é autor, canda Pedro Casaldáliga e Milton Nascimento, da Missa dos Quilombos.

# REVOLUCIÓN DOS XASMÍNS, REVOLUCIÓN DA MOCIDADE



**As loitas polas liberdades e contra a pobreza** que están, acontecendo **no mundo árabe non serían posibles sen a participación activa** e definitiva **das mulleres** deses países. Na Tunisia as mulleres estiveron desde o inicio das manifestacións contra a subida dos prezos e o desemprego participando mesmo na convocatoria e organización das protestas. E tamén en Exipto, onde segundo afirmaron as propias exipcias a participación feminina foi sen precedentes. Nun principio os medios convencionais apenas se fixeron eco da actividade destas mulleres loitadoras, pero as redes sociais deron conta da súa participación en numerosos vídeos e fotos. Unhas con veo e outras a cabeza descuberta, as mulleres ocuparon as rúas xunto aos homes sabéndose fundamentais no cambio que reclama a sociedade deses países. ■



# FOLGA XERAL

do 27 de xaneiro de 2011

Co aquel da crise promovida polos excesos e abusos do capital financeiro e a falta de límites e controis que o poder político exerceu –e exerce– sobre o mesmo, a amplísima maioría de gobernos, animados polas grandes corporacións e a banca deciden *freala* con recortes, un atrás doutro, ás prestacións e protección que as clases traballadoras tiñan. No Estado español: sanidade e ensino públicos, salarios, dereitos laborais, pensións de xubilación, enfermidade e viuvez...

Adelgazamentos orzamentarios importantes, nas políticas de benestar, asistencia social e igualdade, ensino público e sanidade; 83 millóns menos de euros (5 %), para a implantación da Lei de Dependencia; 11,5 millóns menos (12 %), no plan concertado (determina os cartos que as autonomías dan aos concellos para as axudas sociais). Programa de accións para a igualdade, protección e promoción da muller (con 32 millóns en 2009, 8,3 millóns en 2010), 6,7 millóns en 2011. Programa de apoio á conciliación da vida laboral e persoal (5 millóns no 2009), 1 millón en 2011. E como guinda do pastel –polo de agora– as pensións, co acordo, para máis inri, de CC. OO. e UXT.

Porque a austeridade é precisa, din, dinos e hai que facer sacrificios, aceptando rebaixas de salarios, ERES encubertos –e sen encubrir– e taxas de paro escandalosas.

Mentres, as primas millonarias a altos executivos de banca (bancos rescatados con diñeiro público) agardan que pase a chuvascada para facerse efectivas, coma os pluses salariais a altos cargos. O abuso de altos cargos na Administración pública, os dispendios –cando non directos latrocinios– de bens comúns están á orde do día, mais, noutra orde de cousas, a cativa tributación do capital, unha reforma fiscal que leva agardando para facer xustiza gravando máis a quen máis ten...

A banca obtivo preto de 8000 millóns de euros de beneficios en 2010; Telefónica, 3775 millóns de euros só no primeiro semestre de 2010; REPSOL, 1338 millóns de euros, un 38,9 % máis que no mesmo período do ano anterior; e Zara ou...

E para seguir na austeridade, seguen dando subvencións e financiamento a FAES, á Igrexa católica, para as viaxes do papa e... uns puntos suspensivos inacabables.

Para *eles* a cousa non vai mal, aínda que para algún os beneficios sexan menores que no ano anterior. A austeridade (paro, fin de prestacións e amparo, rebaixas salariais, recortes á igualdade) é para nós. Tiran do teto da crise para seguir espremendonos e seguen e seguirán porque non lles paramos os pés. ■







# Sinaléctica sexista

PATRICIA ARIAS CHACHERO

A Xosé Manuel Sarille

Vivimos rodeadas de sinais e indicadores que achegan todo tipo de informacións: non pasar ou si pasar, pasee o seu can por aquí, operarios traballando na estrada, prema para cruzar, aquí pode cambiarlle o cueiro ao seu neno, cómpre usar casco e un longuíssimo e

colorido etcétera. Cun pouco de paciencia e unha cámara fotográfica é doado demostrar que algo aparentemente tan inocuo como a sinaléctica das rúas e estradas, evidencia a existencia dunha forte discriminación sexista que envolve con normalidade a nosa

sociedade. O tema ten, ao noso modo de ver, moita máis importancia da que en principio puidera parecer.

Un estudo descritivo das diferentes representacións figuradas das persoas demostra varias cousas. Primeiro, que no caso de ser unha a imaxe utilizada

**Cun pouco de paciencia e unha cámara fotográfica é doado demostrar que algo aparentemente tan inocuo como a sinaléctica das rúas e estradas, evidencia a existencia dunha forte discriminación sexista que envolve con normalidade a nosa sociedade. O tema ten, ao noso modo de ver, moita máis importancia da que en principio puidera parecer**

para representar ao xénero humano, esta é indefectiblemente masculina. Reparede nas fotografías 1, 2, 3, 4 ou 5 e veredes que parece que sempre son eles os que limpan as cacas dos cans, os que pasan polos pasos de peóns, os que usan a bicicleta, os que cargan e descargan cousas ou os que teñen necesidade de acceder ao aparcamento para recoller o automóbil.

Alguén podería anotar que todo isto é un pouco excesivo e que a imaxe que aparece neses sinais non ten por que representar necesariamente a un home, que pode ser neutra, valer tamén para unha muller. Habemos demostrar que non é así. Tomemos un caso simple, supoñamos que cómpre indicar que os nenos –principalmente varóns– deben ir acompañados dun adulto. Tanto ten se o sinal está na porta xiratoria dun hotel (imaxe 6), se o atopamos nunhas escaleiras mecánicas (imaxe 7) ou no metro (imaxe 8), quen leva da man ao pequeno é marcadamente unha muller. Fixádevos un pouco e veredes con canta rapidez ampliades esta nosa colección de fotografías. Seguindo co coidado dos máis pequenos, non convén perder nin un minuto neses estupendos carteis –normalmente colocados unicamente nas portas dos baños das mulleres– que avisan de que existe un lugar para cambiarlle o cueiro ao noso bebé (imaxe 9). Ao final, a mensaxe social é clara e rotunda, seguen sendo elas as que deben ocuparse de coidar e educar aos fillos da parella.

Para aliviar un pouco o parágrafo anterior, fixádevos agora na fotografía número 10. É un sinal de Volterra, unha

pequena vila medieval da Toscana. Un home –con chapeu– leva a unha nena –con saia e lazo na cabeza– da man. Indica exactamente o mesmo que as imaxes precedentes, pero ademais educa nos na corresponsabilidade. Por suposto, os restos de adhesivos e o estado deplorable do sinal escapan á nosa vontade.

Escusamos dicir que todas as fotografías incluídas neste artigo e outras moitas que avalan o que aquí se afirma, foron tomadas de maneira imparcial, procurando fuxir de toda tendenciosidade. Neste mesmo sentido, é importante facer notar que á hora de ilustrar este texto, non foi feita ningún tipo de escollo de imaxes e que a discriminación dos sinais é tan evidente que calquera que invista un pouco de tempo pode ampliar este repertorio con outros moitos exemplos que inciden na mesma liña.

Aclarado isto, analicemos agora o que sucede cando son varias as persoas que se representan nun sinal. Existen cando menos tres alternativas: ou todas as figuras son aparentemente masculinas (imaxes 11 e 12) ou a figura feminina ocupa unha posición posterior ou a figura feminina é de menor tamaño.

Vexamos con detemento algúns casos que apoian a tese da minoría de idade da muller na representación pictórica. As imaxes 13 e 14 corresponden a distintas maneiras de simbolizar a proximidade dunha escola, imos obviar o desfasado cabás que ambos estudantes levan nas mans, para centrarnos no feito de que a figura masculina non só



1



2



3



4



5



6



7



8

**Escusamos dicir que todas as fotografías incluídas neste artigo e outras moitas que avalan o que aquí se afirma, foron tomadas de maneira imparcial, procurando fuxir de toda tendenciosidade**

ocupa o lugar dianteiro, senón que ademais é de maior tamaño que a figura feminina. O xesto marcadamente protector de levar á pequena da man –que xa vimos non se daba para indicar a conveniencia de que os cativos non deben estar sós– repítese na imaxe 15, tomada este verán en Ferrol. Dous estudantes baixan do bus escolar. Nesta ocasión ela, de novo máis pequena, vai diante. Malevolamente damos por feito que o agudo deseñador tivo en conta que até os nenos saben que non é de boa educación que un home pase por unha porta sen cederlle o paso á muller que o acompaña.

En Buonconvento, no corazón da vía Francíxena que une Francia con Roma, é doado ver sinais que represen-

tan a unha muller cun pano na cabeza que camiña tras dun home que moi *cabaleirosamente* carga coa mochila dos dous. Debeu entender o avisado deseñador (tivo que ser un home) que a muller non só debía camiñar en posición subalterna, senón facelo desprovista de pesados vultos.

A estes pode inda sumarse algún outro caso se cadra máis insultante. Algunha mente desplexada fixo colocar nos autobuses de Florencia unhas pequenas chapas metálicas onde pode lerse: «Posto riservato ai mutiliti e invalidi di guerra, del lavoro e civili, alle persone impedito e inabili e agli anziani» (imaxe 16). Enriba do texto, catro imaxes enmarcadas en cadanseu recadro. De esquerda a dereita representan





9



10



11



12



13



14

a un home cunha muleta, a un home con bastón, a unha muller preñada e a unha muller cun cativo no colo. Estupenda a equidade, dous homes e dúas mulleres. Inda así, non logro entender se as mulleres son as impedidas ou as inválidas anunciadas no texto impreso, pois teño que dar por feito que non representan nin mutiladas nin inválidas de guerra.

Neste mesmo medio de transporte público poderedes ver uns rechamantes indicadores que baixo o texto «Attention Pick Pocket!», (imaxe 17) mostran a unha distraída muller de rizo que mira a un lado mentres polo outro lado un ladrón –varón– introduce descaramadamente a man no seu bolso. Abertamente insultante! É que os homes non

levan bolso? E que non se despistan os señores? Ou é que as mulleres non rouban carteiras?

Inda correndo o risco de aburrir e xa para rematar, non me resisto a engadir un último comentario. Penso agora neses enormes paneis colocados nas portas de igrexas e catedrais onde se prohibe a entrada de mulleres «indecorosamente vestidas» (imaxe 18). Para representar tan patética idea, recórrese a un sinal vermello de prohibido sobre unha figura feminina vestida con camiseta de tiras e saia curta. Pregúntome por que se representa unicamente á muller, será talvez que os varóns que acoden a estes lugares vestindo camisetas sen mangas e pantalóns curtos non ofenden á divindade? Naturalmen-

Penso agora neses enormes paneis colocados nas portas de igrexas e catedrais onde se prohíbe a entrada de mulleres «indecorosamente vestidas». Para representar tan patética idea, recórrese a un sinal vermello de prohibido sobre unha figura feminina vestida con camiseta de tiras e saia curta



15



16

Hai algúns anos en Lugo cambiáronse parte das imaxes dos semáforos que indican que se pode ou non cruzar, macacos verdes e vermellos con saia e coleta avisaban á viandante da situación do tráfico



17



18

te ignoro a resposta a esta pregunta. Todo o que podoo anotar é que con total normalidade permitimos que se tape cuns obscenos panos sintéticos mesmo ás nenas máis pequenas, e todo por non ofender a deus.

A imaxe da muller que se transmite na sinalética que nos rodea aparece asociada a coletas, saias, panos na cabeza e lazos. A discriminación está tan instalada na sociedade que nin sequer percibimos o que se agocha tras os sinais cos que convivimos. Educámonos nun ambiente que nos discrimina, nunha sociedade conservadora que non atende con suficiente coidado ás mensaxes subliminares que aportan as imaxes.

Anticuados e claramente sexistas, así son os milleiros de sinais que nos rodean. Os políticos que nos gobernan permiten que estudemos estes sinais cando sacamos o carné de conducir e así todas interiorizamos esas mensaxes abertamente discriminatorias. Hai algúns anos en Lugo cambiáronse parte das imaxes dos semáforos que indican que se pode ou non cruzar, macacos verdes e vermellos con saia e coleta avisaban á viandante da situación do tráfico.

Anécdota? Seguramente. Irrelevante? Sinceramente, dubidámolo moito. ■

Conversando con

# Montse Neira

SALETA DE SALVADOR AGRA  
E M.<sup>a</sup> TERESA GÓMEZ LOUZA

Un típico día compostelán. Entre orballo e nubeiros, na terraza do CGAC agardabamos a Marien. Atentas, expectantes, curiosas, inquedas. O día tamén se prestaba: 22 de decembro! Estabamos Xosé Antón Bocixa, Comba Campoy García e mais nolas dúas e chegou Nanina Santos Castroviejo con Montse Neira, a guerrilleira Marien. Ante a presenza de seis persoas que representaban un gremio tan controvertido para ela como o do xornalismo, amosouse, inicialmente, intimidada. Loxicamente. Mais, malia o seu resentimento polo tratamento recibido, en «ton mediático e sensacionalista», por algunhas empresas do medio, a súa predisposición foi con ánimo de facilitalo todo, de ter unha agradábel conversa. Tamén hai que dicilo, por mor das *cousas técnicas* –luz e son–, ela quedou soa. Soa ante a cámara e fronte a nós. Pero xa ten unha bagaxe: con diversas entrevistas e colaboracións en conferencias e artigos no seu haber. De feito viña de Lugo, de participar como poñente nun curso da UNED sobre «A prostitución en pisos de contactos: unha visión socio-antropolóxica» impartido polo profesor José López Riopedre. Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración, actualmente cursa un Máster en Problemas Sociais na UNED. Colaborou con asociacións sen ánimo de lucro como SOS Racismo e Hetaira. Todo isto xunto coa súa experiencia como prostituta durante vinte anos é currículo suficiente para manexarse ben nestas lides e para ter xa certa autoridade no tema sobre o que alí se ía falar. Muller reflexiva, comprometida, concienciada, a verdade, fascinounos.

## Prostitución: unha visión (sub)-obxectiva, complexa e global



Pouco a pouco, o faladoiro foise amenizando e lonxe quedou a idea dunha estereotipada rolda de preguntas. Arrancamos cun dos temas de máis actualidade como o dos **anuncios de contacto**, «ciencia ficción» segundo Montse, que así os caracterizou: «o que a xente non sabe é que os anuncios son ciencia ficción. O que se pon no anuncio non ten nada que ver co que pode pasar na realidade. Adórnase moitísimo todo porque o obxectivo do anuncio, como en toda a publicidade, é xerar unha necesidade, unha provocación. Moitos usuarios, moitos clientes do sexo de pago xa saben que é mentira. A persoa que é novata, que nunca tivo contacto cunha prostituta (ou cun prostituto) pode creerse literalmente o que pon, pero os que xa foron algunha vez xa saben que é mentira. Ao mellor cren que van ver “xovenciñas compracentes” e o que hai detrás son mulleres de trinta e moitos que de compracentes... nada». Sobre a proposta de retirada dos anuncios de contacto por parte do Goberno, a súa posición foi moi clara:

**O que se pon no anuncio non ten nada que ver co que pode pasar na realidade. Adórnase moitísimo todo porque o obxectivo do anuncio, como en toda a publicidade, é xerar unha necesidade, unha provocación. Moitos usuarios, moitos clientes do sexo de pago xa saben que é mentira**

«Agora a publicidade insértase en Internet. O que hai agora en prensa, que tanto escándalo parece que provoca é ridículo porque onde os anuncios están a funcionar é en Internet. De feito, se desaparecesen os anuncios en prensa a nós non nos afectaría nada. A tendencia, tanto se os suprimen como se non, é que van desaparecer. Hoxe en día grazas a Internet as mulleres pásanse moitos contactos, coñecementos (por exemplo, onde alugar un piso, habitacións por horas, onde insertar publicidade, etc.)».

Ao fío deste tema, preguntóuselle se estaba de acordo coas voces que din que detrás dos anuncios se agochan redes de trata. Respondeunos dun xeito moi taxativo baseado na súa experiencia profesional: «Asegúrovos que, polo menos ata onde eu coñezo, e estiven e 62 locais, redes de trata non hai. O que hai son proxenetas, o que está tipificado polo Código Penal. A persoa que se lucra coa prostitución de terceiras persoas, sexa condicionadamente ou sexa coa vontade da persoa, comete un delito. Pero... redes de trata... nada». Respecto dos pisos de contacto, explicounos que «o que adoita haber son exprostitutas que se fan empresarias; compran un piso ou alúgano, poñen os seus anuncios na prensa ou en Internet e as mulleres van e trabállase ao 50 %. Logo, cada vez hai máis [mulleres] independentes». A pesar de que se sabe a existencia destes perfís profesionais dentro do traballo do sexo e a pesar do feito máis que evidente de que o noso corpo é o noso capital, como ocorre en tantos outros traballos, ela apunta que por mor do sensacionalismo co que se trata o tema,



«é moito máis noticia falar de proxenetas, de trata de mulleres, obrigadas a prostituírse e o sórdido que pode chegar a ser todo, que non falar dos chineses que poden estar nun taller téxtil. Isto eu critiqueino moitas veces –continúa Montse– tanto na agricultura como na industria téxtil ou na construción, hai traballos nos que as persoas están moi explotadas. O servizo doméstico tamén é outro, eu estiven de voluntaria en SOS Racismo e á semana tiñan moitas denuncias de mulleres que estaban a ser moi explotadas»; e, sobre iso, a verdade non se fala, a lo menos con tanto balbordo.

Quixemos falar sobre o debate entre o abolicionismo e a liña pro-dereitos, así que se lle lanzou a eterna pregunta: cres que vai durar? «No tema do debate abolicionismo-prodereitos, a miña opinión persoal é que de momento vai durar, porque ademais dá moitos beneficios ás persoas que interveñen. Estanse a recibir subvencións tanto do Estado como da Unión Europea... En España teño coñecemento de cen asociacións abolicionistas que están recibindo subvencións. Pois mentres isto vaia xerando diñeiro vai haber debate». Segundo Montse, as outras, as asociacións prodereitos non reciben tantas subvencións. «Recíbenas por sanidade –afirma–, para evitar as enfermidades de transmisión sexual sobre todo para a SIDA, para repartir condóns, etc. Por aí reciben bastante diñeiro, pero para a loita prodereitos, que eu saiba, nada», concluíu.

Interesámonos pola súa opinión sobre a posibilidade de que a regularización da prostitución tal é como se dá

en Holanda, puidese favorecer a desaparición da trata ou de fenómenos como as mafias. Montse respondeu: «Sempre se pon como exemplo o modelo de Holanda, cando hai moitos máis modelos. Iso en primeiro lugar. En segundo lugar o que si está comprobado é que a prohibición como en EE. UU. ou o abolicionismo de Suecia non acabaron coa prostitución. Ou sexa que a pode favorecer ou non, non se sabe». Ela considera que «o primeiro que hai que facer é un estudo das diferentes peculiaridades da prostitución en España e, a partir de aí, mirar os diferentes modelos que hai. A min o que máis me gusta é o de Nova Zelanda, pero, claro, está nos antípodas e aí non hai inmigración».

Mais, dito isto, desde un xuízo escarmentado pola experiencia, confesounos que «o que é máis importante para min, é rematar co estigma. O que non pode ser, como foi o meu caso agora estes días en Galiza, que a raíz do que saíu na prensa aludindo á miña vida e á miña persoa, e logo nos foros de Internet, é que a xente me insultase e me descualificase. Iso é o que non pode ser, que ningunha muller estea na rúa, estea na estrada ou estea no nivel que estou eu, polo feito de exercer a prostitución, se a instrumentalice. Eu penso que se hai unha lei, evidentemente adaptada ás peculiaridades do que é a prostitución (non como un traballo calquera como tamén se di por aí, pois o exercicio da prostitución ten as súas peculiaridades e se teñen que respectar e se teñen que analizar e saber cales son); entón, unha lei, daríanos un marco legal para que as persoas que a estamos exercendo, en casos de abuso, poidamos denunciar como está a pasar noutros traballos. Respecto ao termo xurídico da prostitución, regularizada está; están tipificados os delitos. O que falta é recoñecer os dereitos. O que non pode ser, e críticoo moito, é que en sitios como Cataluña haxa un decreto de lei polo cal os prostíbulo poden obter a súa licenza de apertura –o IAE– e en cambio as mulleres que están aí non teñan absolutamente ningún dereito. Isto si que abre as portas para que haxa abusos: xornadas laborais máis longas das que poderían ser, obriga de estar con clientes cos que as mozas non queren estar, etc. Por que os “empresarios” si e as persoas que están aí dentro non?».

Sen dúbida, e como ela mesma o salienta, o estigma é o grande muro a derrubar para normalizar o traballo do sexo, a concienciación de que non é unha ocupación marxinal, de delinquentes, como sucedía por exemplo na España do franquismo coa Lei de vagos e maleantes que nos recorda Montse, e baixo a cal as prostitutas ían ao cárcere. Certo é que, desde aquela as cousas algo mudaron. Mesmo a propia demanda dos homes, como nos explica Montse. «Agora o que se busca son outras



**E na linguaxe da prostitución atopamos unha confusión de termos que contribúen, en ocasións, a unha mala praxe por parte de gobernos e tamén por parte dos medios de comunicación, creando unha atmosfera turbia da que se nutre a opinión pública**

cousas, a escusa é o sexo, e posiblemente unha práctica sexual que soe ser a convencional, non nos enganemos. Esas fantasías que ás veces se len por aí... de parafilias... é o mínimo do mínimo. O que se busca é compañía. Incluso nos servizos de vinte minutos, ao final acabas falando con eles, ás veces de maneira distendida e de cousas tan simples como do socorrido tempo ás cousas cotiás, do fútbol, dos problemas familiares, do traballo. Iso é o que observei de día. Porque a prostitución de día e a prostitución da noite son totalmente diferentes. O perfil da noite cambia totalmente. Podemos falar dun perfil de xente xove, asociado ao ocio, sempre con drogas e alcol por medio. Que é o que adoita haber nos clubs. O mesmo ambiente que hai nunha discoteca».

Proseguimos na conversa. Sabiamos dos datos que en *Tempos Novos* dera Laura Seara, responsable do Instituto da Muller, dicindo que o 90 % das mulleres que están na prostitución están forzadas. E preguntámoslle: por que cres que as autoridades din estas cousas? Montse: «Voume remitir ao primeiro informe, despois da aprobación do Plan de Trata, que saíu en maio do 2010. De seis mil e pico mulleres identificadas en todas as redadas que se fixeron, 1301, seino de memoria, son as que potencialmente son traficadas, vítimas de trata. A día de hoxe, desas 1301, eu non sei nada: non sei se foron expulsadas, que foi dos proxenetes, dos tratantes e das redes. Por que non se di o que pasou con estas mulleres? Hoxe por hoxe non se sabe nada». Propuxémoslle entón se consideraba que se estaba a traficar cos datos. Montse respondeu: «María José Baraona, da comisión de prostitución do 2007, dixo que era imposible saber a cifra [de mulleres vítimas de trata]. Unha vez nunha entrevista, unha periodista de *El Mundo* esixiulle unha cifra (“É que vostede me ten que dar unha cifra, dígame unha cifra!”); e ela díxolle “pois trescentas mil”. E aí quedou». Por outra banda, Montse fixo fincapé en que «hai pequenos estudos de pequenas ONGs que, a nivel local, están a traballar coas prostitutas, e vese que a porcentaxe de trata é mínima. Se atenden a catrocentas persoas ao ano, pois hai ao mellor vinte [mulleres vítimas de trata]. Estas ONGs si sábano realmente, porque moitas delas fan memorias. Por que non se publican

eses datos? Estamos a falar de datos empíricos que se poden contrastar. Eu non o estou inventando. Na prensa danse datos sen citar as fontes. Como moito algunha vez sae do Instituto da Muller: “300.000 mulleres son escravas en España”. Despois, as estimacións da ONU, que non sei que metodoloxía emprega, pero fala de 140.000 escravas en Europa. Imos aplicar un pouco de sentido común. Se fosemos 300.000 mulleres exercendo a prostitución en España e somos 47.000.000 de españois, que porcentaxe de mulleres saíra que se prostitúe? Altísima! Non gañaríamos o diñeiro que estamos a gañar».

Como di Aslair McIntyre, posto que «posuír un concepto implica comportarse ou ser capaz de comportarse de determinadas maneiras en determinadas circunstancias, alterar os conceptos, sexa modificando os existentes, creando novos o destruindo os vellos, é alterar a conduta». E na linguaxe da prostitución atopamos unha confusión de termos que contribúen, en ocasións, a unha mala praxe por parte de gobernos e tamén por parte dos medios de comunicación, creando unha atmosfera turbia da que se nutre a opinión pública. E disto falamos con Montse, sobre esta linguaxe que moitas veces confunde tráfico, trata, escravitude sexual, explotación sexual. Ela considera que «os conceptos que se usan na prostitución son moi importantes, porque xeran moita confusión. Hai moita xente que confunde o tráfico coa trata e non é o mesmo. A trata é reducir a unha persoa a pura escravitude. Esa persoa ten que facer o que se lle mande baixo coacción, ameazas fortes e violencia e non recibe ningunha remuneración económica. E a explotación... Que se entende por explotación? Porque calquera traballador vai dicir que está explotado. Claro, estamos a falar de explotación sexual, oh! [risos]. Sexo! Pois aquí entra a cuestión moral... Eu creo que moita culpa a teñen os medios de comunicación. Os periodistas cando escriben, realmente non se informan e mesturan tráfico, trata, explotación con escravitude, todo xunto, ou sexa, que o interpretan todo como sinónimo. O informe do que falamos, da comisión de prostitución do 2007, é moi divertido. É claramente abolicionista, a súa conclusión é que ningunha muller o fai de maneira libre, pero en cambio fala de “traballo”, e fala de “salario”. Que pasa aquí? Pois sinxelamente que se utiliza a linguaxe ao tuntún, non se fala rigorosamente, non se fala con propiedade. Quero pensar que non se fai con mala fe, pero está claro que non se fala con propiedade e que se está a xerar moitas confusións. Pode haber tráfico ilegal de persoas, na inmigración dáse moito, porque a xente quere emigrar e quere emigrar porque quere progresar e se non o pode facer dentro das canles legais, vai recorrer ás canles ilegais e pagar o que sexa. E iso non é trata. Iso



é simplemente tráfico. Vailles custar máis cartos que polas canles legais, pero arríscanse porque a xente quere progresar».

Propuxémoslle, seguidamente, que nos falase un pouco do seu blog ([prostitucion-visionobjetiva.blogspot.com](http://prostitucion-visionobjetiva.blogspot.com)). Unha iniciativa, nun primeiro momento, froito dunha motivación persoal, case visceral que, polo que sabemos, tivo repercusións de certa importancia en eidos académicos e tamén nos medios de comunicación. Así nos relatou como aconteceu: «O do blog... foi a raíz de asistir ás xornadas abolicionistas en Barcelona, cando estaba a estudar, no 2007, no Colexio de Avogados, e eran todas avogadas, xuristas, algunhas mediatizadas como Lidia Falcón, María José Varela, e saín de alí moi mal: totalmente vexada. Non me deixaron falar, insultos, cun diálogo do tipo destes debates que hai na televisión onde todo o mundo se insulta e ninguén che deixa falar. E o que se me ocorreu con esa paixón... [láíase] era que tiña que dicir a miña verdade, e ademais de dicir a miña verdade, polo que eu vivín como experiencia persoal, tamén o que coñezo por todas as mulleres coas que estiven interactuando. Pois cando estás nun piso, estás doce ou catorce horas diarias con mulleres

**O do blog... foi a raíz de asistir ás xornadas abolicionistas en Barcelona, cando estaba a estudar, no 2007, no Colexio de Avogados, e eran todas avogadas, xuristas, algunhas mediatizadas como Lidia Falcón, María José Varela, e saín de alí moi mal [...]**

falando de todo, nunha relación continua de coñecemento. Pero, ademais, estaba a estudar e tiña todas as ferramentas académicas e xa comecei a documentarme e a aplicar o que é a metodoloxía das ciencias sociais, para aportar unha análise desde o ámbito académico e ir escribindoo no blog. Comecei máis que nada por dar saída a... esas descualificacións que recibín. Publicáronmo en *La Vanguardia*, considerárono moi interesante e a raíz de aí empezáronme a consultar moitas persoas que estaban a estudar dentro do ámbito académico da socioloxía, da antropoloxía, o dereito. E pouquiño a pouquiño fun tecendo unha rede, sobre todo no ámbito académico. Francamente non o esperaba. Paralelamente foi arreciando nos medios de comunicación todo o debate e agora escapouseme un pouquiño seguir unha liña moi

**non se teñan en conta as necesidades destas persoas. Se unha persoa ten unha discapacidade, tanto se é de nacemento como se é por mor dun accidente, parece que a súa sexualidade ten que reprimirse, automaticamente...**

estruturada, porque cada vez que vexo unha noticia ou un artigo de opinión, nos que vexo que falan por falar sen ningún coñecemento, intento facer críticas construtivas e chegar a bibliografía que fun estudando».

Un dos aspectos que máis nos abraiou de Montse, na súa faceta de Marien, foi o feito de que prestase servizos a persoas discapacitadas. Espertou en nós un sentimento de profundo respecto, ante unha muller que en certo modo exemplificaba o dito célebre de Publio Terencio Africano «nada humano me é alleo». Consciente do papel da sexualidade no marco dunha vida plena, en tanto parte fundamental da calidade de vida de todo ser que sente. Nós preguntabámonos a modo de reflexión conxunta: por que a nosa sociedade se empeñaba en excluír ou reprimir da sexualidade as persoas en situación de, non importa que, discapacidade? Por que razón había que privarles de vivenciar lexitimamente este aspecto? Por que para para algúns podía resultar, incluso, reprobábel moralmente, conceder que estas persoas teñen pulsións sexuais, as cales deben ser satisfeitas?

En tanto admitía que a sexualidade era unha parte integrante, fundamental da vida de todo ser humano, preguntámoslle se consideraba que os gobernos deberían garantir, mediante algún tipo de prestación social, o acceso á sexualidade das persoas discapacitadas que non tivesen a autonomía suficiente para acadala por elas mesmas. Obtivemos un rotundo «si» por resposta. «De feito –explica Montse– hai países como Suíza ou Dinamarca que consideran que é unha parte fundamental tanto do benestar físico como psíquico, da parte emocional». Contounos que na prostitución eses servizos son minoritarios, pois, por un lado, son poucas as mulleres (e homes, tamén hai homes, pero menos) que fagan estes servizos, entre outras razóns porque tamén son poucas as que están especializadas e «evidentemente temos que saber como tratalos porque non vale nin a compaixón nin a pena»; pois trátase dunha situación na que están «unha muller e un home ou un home e unha muller» e só iso. Montse crítica que «non se teñan en conta as necesidades destas persoas. Se unha persoa ten unha discapacidade, tanto se é de nacemento como se

é por mor dun accidente, parece que a súa sexualidade ten que reprimirse, automaticamente... Incluso tamén os mesmos familiares caen na idea de que esta persoa ten que reprimirse sexualmente e céntranse máis en darlles unha calidade de vida material, que non lles falte de nada, que estean cómodos. Eu estou en contacto con algúns psicólogos de asociacións de discapacitados e o que me din é que o problema que teñen é facerlles entender ao seu pai ou a súa nai que eles teñen pulsións sexuais que se deben canalizar dunha maneira ou doutra. Se son persoas que poden ter parella non hai problema, pero se son persoas de dependencia total e absoluta é conveniente que vaian con algunha profesional. En Dinamarca hai asistentes sexuais de discapacidade. Coñezo casos nos que se está a loitar, pero trátase de casos concretos, para que estas persoas dalgunha maneira teñan a sexualidade e o afecto que precisan, pois non se trata só de prácticas sexuais concretas e pracer físico. A necesidade de que te abracen e de que te biquen... pois iso o precisa calquera ser humano. Unha persoa que é abrazada, bicada, acariciada, estará moito mellor que unha persoa que non reciba ningún contacto físico... Eu sei que hai un hospital psiquiátrico que paga a prostitutas para que enfermos mentais que teñen certa autonomía poidan ter unha relación sexual mínima. Imaxínate que os reprimes totalmente? Se xa están mal... non se sabe como poden canalizalo, ao mellor sendo moito máis agresivos, non?».

Estabamos de acordo, estas pequenas praxes contribuirían dalgún xeito á visibilización destas persoas como persoas con dereito pleno a experimentar a súa sexualidade dun xeito satisfactorio. E chegados até este punto, Montse sentenciou: «A persoa que diga que unha persoa discapacitada non ten dereito á sexualidade... non é persoa». Nada que engadir... pola nosa parte. Haberá de seguro outras persoas que o farán...

E sobre todo isto falamos con Montse, nesta intensa conversa, a través da cal nos foi amosando as súas opinións, e experiencias, sobre diversos aspectos da prostitución, ás que foi chegando desde as súas elaboracións teóricas en tanto teórica do sexo, e, desde a súa experiencia práctica, como prostituta. Exhortando a todo o mundo a que escoitemos as que, como ela, saben do que falan porque a prostitución é o seu traballo.

Pódese ver o vídeo da entrevista en Galicia

Confidencial:

Parte I: <http://www.galiciaconfidencial.com/nova/6823.html>

Parte II: [http://www.youtube.com/watch?v=nCaFlnwJBQM&feature=player\\_embedded](http://www.youtube.com/watch?v=nCaFlnwJBQM&feature=player_embedded) ■



(2ª parte)

# A MULLER BAIXO O FRANQUISMO

## O concepto de muller nos textos da Sección Femenina de Falange

VICTORIA MARTINS R.

Durante o conflito civil español, os dous bandos acudiron á prioridade bélica para devolver as mulleres o lugar que tradicionalmente tiñan ocupado. En ámbolos dous, a muller foi relegada á retagarda coa misión de asistir aos demais. Rematado o conflito, o novo estado franquista converte esta misión en obxectivo vital das mulleres, e encomenda á Sección Femenina de Falanxe

continuar coa seu labor patriótica de formar política e socialmente ás mulleres españolas «en orden a los fines propios de Falange Española» (Decreto de 28 de decembro de 1939 sobre funciones de la Sección Femenina de FET y de las JONS).

Tendo en conta estes fins, a SF «orienta la formación que ha de dar a las afiliadas, principalmente en tres ra-



3763  
**Los 18 puntos de la mujer de F.E.T. y de las J.O.N.S.**



- 1 A la Aurora, eleva tu Corazón a Dios y piensa en un nuevo día para la Patria.
- 2 Ten Disciplina. Disciplina y Disciplina.
- 3 No comentes ninguna orden; cumplesla sin vacilar.
- 4 En ningún caso, y bajo ningún pretexto, te excuses de ningún acto de servicio.
- 5 A ti ya que no te corresponde la acción, anima a cumplirla.
- 6 Que el hombre que está en tu vida sea el mejor patriota.
- 7 No olvides que tu misión es la de educar a tus hijos para el bien de la Patria.
- 8 La angustia de tu Corazón de mujer compénsala con la serenidad de que ayudas a salvar a España.
- 9 Obra alegremente y sin titubear.
- 10 Obedece y con tu ejemplo enseña a obedecer.
- 11 Procura ser tú siempre la rueda del carro y deja a quien deba ser su gobierno.
- 12 No busques destacar tu personalidad. Ayuda a que sea otro el que sobresalga.
- 13 Ama a España sobre todo, para que puedas inculcar su amor a otros.
- 14 No esperes otra recompensa para tu esfuerzo que la satisfacción propia.
- 15 Que las haces que forman la Falange estén cimentadas en un común anhelo individual.
- 16 Lo que hagas supérate al hacerlo.
- 17 Tu entereza animará para vencer.
- 18 Ninguna Gloria es comparable a la de haber dado todo por la Patria. Mujer que aún tienes influencia por tu exquisita femineidad sobre el hombre, si quieres cumplir este plan, la Patria, una vez más, deberá a ti no sólo su salvación, sino su prosperidad. Animo, mujer, a cumplir ignoradamente y en silencio tu nueva y gloriosa misión.



Nos «18 puntos de la mujer de FET de las JONS» quedaba clara constancia deste deber político, e nos textos das súas *pensadoras* se especificaban as motivacións intelectuais de tal condición

mas: Religiosa, Nacional-Sindicalista y de preparación para el hogar, atendiendo a la misión más importante de las mujeres, que es la de ser madre». Para levar a cabo este labor, a organización confeccionou un avultado número de revistas dedicadas á muller: a revista *Y, Medina, Ventanal, Teresa*, a revista *Consigna*, dedicada ás mestras, e o material de texto das materias confiadas á SF: Fogar, Formación Político-Social e Educación Física.

Da formación relixiosa encargáronse fundamentalmente os asesores relixiosos da organización, aos que dedicaremos especial atención no próximo artigo desta serie. A Formación Nacional Sindicalista centrábase fundamentalmente en inculcar nas mulleres o seu posto subordinado na xerarquía social, forzándoas a manterse baixo a disciplina masculina en base a cuestións tanto de índole político-social como de capacidade moral ou intelectual.

Nos «18 puntos de la mujer de FET de las JONS» quedaba clara constancia deste deber político (foto), e nos textos das súas *pensadoras* se especificaban as motivacións intelectuais de tal condición:

Nada complace tanto a la psicología masculina como la sumisión de la mujer, y nada complace tanto a la psicología femenina como la entrega sumisa a la autoridad masculina [...]. Disimulemos o diminuyamos nuestra presencia física en el trabajo. Seamos hormiguitas graciosas y amables [...]. ¿A qué tratar de deslumbrarlos con nuestros improvisados éxitos, si sabemos que ofendemos su criterio y tradición de superioridad?

(Carmen WERNER, Regidora Central de Juventudes)

Las mujeres nunca descubren nada; les falta desde luego el talento creador, reservado por Dios para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres nos dan hecho.

(Pilar PRIMO DE RIVERA)

A muller debe centrarse na súa misión fundamental: ser nai e esposa, base fundamental da familia nacional-católica. Falamos polo tanto dunha muller asexual, instrumento de Deus para

A Formación Nacional Sindicalista centrábase fundamentalmente en inculcar nas mulleres o seu posto subordinado na xerarquía social, forzándoas a manter-se baixo a disciplina masculina en base a cuestións tanto de índole político-social como de capacidade moral ou intelectual

«crecer y multiplicarnos». O ideal de Sección Feminina é a muller como «án-gel del hogar», formiguñas silenciosas e amables, sempre compracentes, sempre dispostas a servir, sempre submisas, sempre abnegadas, e como non..., sempre coaccionadas:

El mayor encanto de una buena ama de casa: La cocina es el sitio más importante de una casa, ya que si esta no funciona bien, los caracteres de la familia se tornan violentos, y ya se canta menos, y hasta la radio molesta. [...] Con que solamente existan orden y limpieza, aparte, claro está, de que haya su lumbre y su aceite, el éxito de una cocina como cocina está logrado, y la familia sonreirá y cantará hermosas canciones.

(MEDINA, 1943)

Como sempre gustaba de recordar Pilar, o seu liderado na organización feminina e o seu labor durante todo o franquismo tivo sempre un claro obxectivo, seguir as directrices do seu irmán e líder da organización fascista José Antonio Primo de Rivera, *el Ausente*, que nos deixara o seu legado en relación da diferenciación sexual entre homes e mulleres:

Los movimientos espirituales del individuo o de la multitud responden siempre a una de estas dos palabras: el egoísmo y la abnegación. El egoísmo busca el logro directo de las satisfacciones sensuales en homenaje a un orden superior. Pues bien: si hubiera que asignar a los sexos la primacía en la sujeción a esas dos palabras, es evidente que la del egoísmo correspondería al hombre y la de la abnegación a la mujer.

(José Antonio PRIMO DE RIVERA) ■

**Guía de la buena esposa**  
11 reglas para mantener a tu marido feliz  
Se tu esposa que el siempre feliz

**Ten lista la cena**  
Planea con tiempo una deliciosa cena para su llegada.  
Esta es una forma de dejarle saber que has estado pensando en él y que te preocupas por sus necesidades. La mayoría de los hombres están hambrientos cuando llegan a casa.  
Prepara su plato favorito

**¡Luce hermosa!**  
Descansa 5 minutos antes de su llegada para que te encuentre fresca y reluciente.  
Retoca tu maquillaje, ponte un lazo en el cabello y haz lo mejor posible para él. Recuerda que ha tenido un día duro y probablemente estará con un paquete de trabajo.

**Se dulce e interesante**  
Su aburrido día de trabajo quizá necesite mejorar. Tú debes hacer todo lo posible por hacerlo.  
Una de tus obligaciones es distraerlo.

**Arregla tu casa**  
Debe lucir impecable  
Haz una última ronda por las principales áreas de la casa, justo antes de que tu marido llegue. Levanta libros de escuela, juguetes, etc. Y limpia con un pañuelo las mesas.

**Hazlo sentir en el paraíso**  
Durante los meses más felices del año debes preparar la habitación antes de su llegada. Tu marido sentirá que ha llegado a un paraíso de descanso y orden, esto te ayudará a ganar y a ti también.  
Después de todo, cuidar de su comodidad te brindará una enorme satisfacción personal.

**6 Prepara a los niños**  
Capitales el trabajo, lava sus manos y límbales la ropa en caso de ser necesario. Son sus pequeños tesoros y él los quiere ver relucientes.  
Limpieza, orden y alegría para los niños

**7 Minimiza el ruido**  
A la hora de su llegada apaga lavadora, secadora y aspiradora e intenta que los niños estén callados.  
Plena en todo el ruido que él ha tenido que soportar durante su pesado día de oficina.

**8 Procura verte feliz**  
Regálale una gran sonrisa y muestra sinceridad en tu deseo de complacerlo.  
Tu felicidad es su recompensa por su esfuerzo diario.

**9 Escúchalo**  
Puede que tengas una decena de cosas importantes que decirle, pero a su llegada no es el mejor momento para hablarlas.  
Déjalo hablar antes, recuerda que sus temas son más importantes que los tuyos.

**10 Ponte en sus zapatos**  
No te quejes si llega tarde, si va a divertirse sin ti o si no llega en toda la noche. Trata de entender su mundo de compromisos.  
Trata de entender su mundo de presión y compromisos, y su verdadera necesidad de estar relajado en casa.

**11 No te quejes!**  
No lo saturas con problemas insignificantes.  
Cualquier problema tuyo, es un pequeño detalle comparado con lo que él tuvo que pasar.

**12 Hazlo sentir a sus anchas**  
Dijo que se acomodó en su sillón y se relajó en la habitación.  
Ten una bebida caliente lista para él. Arregla su almohada y ofrece quitarle sus zapatos.  
Habla con voz suave y placentera

**Una buena esposa siempre sabe cual es su lugar**

# UN UNIVERSO POR DESCUBRIR

As mulleres na astronomía  
española: análise dunha  
situación singular





**JOSEFINA F. LING, EN NOME DO  
GRUPO ELA É UNHA ASTRÓNOMA**

Baixo este título recóllese outras das iniciativas, impulsadas polo grupo de traballo Ela é unha Astrónoma,<sup>1</sup> levada a cabo durante o ano 2009 por un equipo de investigación dirixido por Eulalia Pérez Sedeño e Adriana Kiczkowski. Trátase do primeiro estudo sociolóxico cuantitativo e cualitativo da área de Astronomía e Astrofísica, desde a perspectiva da representación das astrónomas no sistema científico-tecnolóxico español.

Neste artigo preséntase un resumo do estudo cuxo texto completo atópase no libro de Pérez Sedeño e Kiczkowski recentemente publicado baixo o título *Un universo por descubrir: Género y Astronomía en España* (Ed. Plaza y Valdes, noviembre de 2010).

---

<sup>1</sup> Compoñentes do grupo Ela é unha Astrónoma:

Francesca FIGUERAS SIÑOL, (Coordinadora do grupo) Universidade de Barcelona

Adriana KICZKOWSKI, Consultora de Xénero

Josefina F. LING, Universidade de Santiago de Compostela

Belén LÓPEZ MARTÍ, Centro de Astrobiología (CAB), INTA-CSIC

Isabel MÁRQUEZ PÉREZ, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC

Josefa MASEGOSA GALLEGO, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC

Eulalia PÉREZ SEDEÑO, Centro de Ciencias Humanas y Sociales (CCHS) - CSIC

Blanca TROUGHTON LUQUE, IES Los Manantiales, Torremolinos- Málaga

Montserrat VILLAR MARTÍN, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC.

**O proceso quantitativo permitiu debuxar un mapa do colectivo a partir dos datos estatísticos de institucións públicas, para analizar as circunstancias da situación das mulleres na Astronomía española e establecer similitudes e contrastes con outros estudos**



### Obxectivos

- ▶ Trátase de analizar a situación da muller no exercicio profesional da Astronomía e da Astrofísica en España.
- ▶ Contribuír ao coñecemento xeral da situación actual das mulleres na ciencia e na sociedade en xeral.
- ▶ Encontrar posibles liñas de actuación para alcanzar o obxectivo da plena igualdade entre mulleres e homes na comunidade científica.
- ▶ Elaborar propostas de futuro para un óptimo desenvolvemento da carreira docente e investigadora da Astronomía no noso país.

### Metodoloxía de traballo


Este estudo abordouse desde unha dobre vertente utilizando técnicas cuantitativas e cualitativas.

O proceso quantitativo permitiu debuxar un mapa do colectivo a partir dos datos estatísticos de institucións públicas, para analizar as circunstancias da situación das mulleres na Astronomía española e establecer similitudes e contrastes con outros estudos. Non obstante, por moita información que estes datos poidan aportar resultan, ás veces, insuficientes. Por iso dar a palabra ás e aos protagonistas permite acceder á realidade dunha maneira diferente, pois podemos oír, de viva voz, os seus desexos, necesidades, valores e intereses. A tal fin recorreuse a un proceso cualitativo onde se definen núcleos temáticos a abordar para contextualizar os datos cuantitativos coas experiencias concretas das persoas.

#### *Estudo cuantitativo*

Esta metodoloxía levouse a cabo en varias etapas: identificación das institucións nacionais nas que se realiza investigación sobre Astronomía e Astrofísica; revisión e actualización da información sobre o persoal nesta área de traballo, para xerar unha base de datos; e procesado de datos procedentes dun total de 45 institucións, distribuídas en 31 universidades, 7 centros

Fig 1. Porcentaxe de persoal por institución e sexo



de investigación, 4 observatorios astronómicos e outros centros como planetarios e ou European Space Astronomy Centre (ESAC).

Os produtos estatísticos resultantes recollen:

- ▶ Listados de institucións, departamentos e persoal desagregado por nome, apelidos, categoría, correos electrónicos...
- ▶ Táboas por institución e distribución do persoal por categoría e sexo
- ▶ Totais xerais e parciais por universidades, OPI'S e demais organismos.
- ▶ Representación gráfica dos resultados e dos diferentes cruces realizados.

Como mostra presentamos nas figuras 1 á 3 os histogramas correspondentes á distribución do persoal por institución e sexo, á do persoal docente e investigador por categoría e sexo e a dos investigadores/as principais en proxectos financiados polos Ministerio de Educación e Ciencia - Ministerio de Ciencia e Innovación (MEC-MICINN) distribuídos por anos e recollidos de Pérez Sedeño e Kiczkowski (2010).

#### *Estudo cualitativo*

No proceso cualitativo combináronse técnicas de entrevistas individuais en profundidade coas de minigrupos de discusión. No primeiro caso realizáronse 14 entrevistas (8 mulleres e 6 homes) a persoal docente e investigador de uni-

Fig 2. Porcentaxe do persoal docente e investigador por categoría e sexo





Fig 3. Porcentaxes de investigadores principais en proxectos financiados polo MEC-MICINN distribuídos por anos



versidades, centros ou institutos de investigación de Barcelona, Granada, La Laguna, Madrid e Santander.

En canto aos grupos de discusión, 6 foron os organizados con bolseiros/as pre-doutorais e post-doutorais en Barcelona, Granada e La Laguna.

Ámbolos dous casos estruturáronse a partir dunha guía de eixos temáticos capaz de recoller as diversas etapas da traxectoria dos profesionais da Astronomía, deslindando os aspectos positivos e negativos que van atravesando ata o momento presente:

1. Itinerario formativo.
2. Itinerario profesional.
3. Itinerario persoal.
4. Situación das mulleres na área de Astronomía e Astrofísica e na de Ciencia e Tecnoloxía en xeral. Pasado, presente e futuro.
5. Futuro da Astronomía española.

### Resultados cualitativos

Seguidamente recóllense, de maneira moi sintetizada, algunhas das manifestacións máis interesantes emitidas polos e polas participantes no estudo cualitativo, e que pode considerarse un reflexo do sentir do colectivo nos diferentes apartados considerados.

### Situación das mulleres na área de Astronomía e Astrofísica e na de Ciencia e Tecnoloxía en xeral

Existe unha ampla coincidencia en que nos anos recentes produciuse unha mellora nas condicións de traballo das docentes e investigadoras, despois de superar os profundos desequilibrios e discriminacións de partida nas diversas áreas científicas. Tamén hai unha percepción unánime de que aínda existen diferenzas a resolver no futuro e a maioría considera que o desenvolvemento *obxectivo* das correntes sociais producirá unha melloría nas posición profesional da muller e un equilibrio en tódolos ámbitos e estamentos.





**Algúns homes perciben que as mulleres tiveron máis dificultades, traballando máis e con maior esixencia para alcanzar o mesmo nivel que eles. En contrapartida, entre algunhas mulleres aparece un tipo de pensamento onde se sinala que o custo no foi maior, senón que se trata de estar entre os mellores con independencia de ser home ou muller**

#### *Discurso social da desigualdade de xénero*

Destaca a mención espontánea, por parte da maioría das persoas implicadas no estudo, do coñecemento das estatísticas que reflicten as desigualdades entre homes e mulleres no Sistema Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, o que pon de manifesto a importancia da realización e difusión dos estudos e dos discursos onde se incorporan de maneira manifesta a sensibilidade sobre problemas de xénero. Porén, entre os máis xoves, como os bolseiros/as predoutorais, o nivel de coñecemento é menor e perciben que estes asuntos non teñen que ver con eles, senón que pertencen a xeracións anteriores, aínda que cando se analizan as súas situacións familiares aparece a reprodución de modelos tradicionais.

#### *Percepción da desigualdade de xénero na área de Astronomía e Astrofísica*

No ámbito da docencia e da investigación tradúcese nas categorías máis altas, nos cargos de decisión ou de responsabilidade política e de xestión. Para a maioría dos homes a situación da muller nesta área é un reflexo do que se está a vivir, en xeral, na sociedade e das súas normas, quedando as respon-

sabilidades nun terreo difuso e que non forman parte das cuestións que poidan atenderse de forma individual. De forma xeral, pero especialmente entre os mozos, opinase que a infra-representación é algo *natural*, herdado dunha situación de partida onde o número de mulleres era moito menor. Ademais para a mocidade a desigualdade forma parte do pasado e non ten relación co presente ou co futuro profesional, perspectiva que cambia cando se fai unha reflexión máis profunda das súas propias experiencias, por exemplo recoñecen que nas carreiras de tipo técnico a proporción de mulleres segue sendo inferior á dos varóns, mentres que nas ramas da saúde ou humanidades o valor invértese.

É interesante ver, especialmente entre os máis xoves, a opinión de que a paridade é xa un problema resolto.

#### *Mecanismos xeradores de discriminación e desigualdade*

Existen, en xeral, dificultades para comprender que hai espazos da vida privada nos que non só se producen, senón que se xeran desigualdades. Tamén hai unha resistencia a aceptar que o espazo académico e de investigación sexa un lugar de discriminación e de xeración de mecanismos específicos de persistencia de desigualdades. As mulleres, en moitos casos, tras unha reflexión máis profunda, rememoran e detectan situacións vividas de discriminación, desinterese, desatención ou falta de mecanismos para resolver problemas no seo da comunidade científica; estas consideracións non aparecen entre os homes quen, case en xeral, resistense a aceptar que eles mesmos poden estar actuando como axentes directos xeradores de discriminación. Existe, así mesmo, entre as mulleres unha tendencia a pensar que os procesos organizativos e de xestión interna non teñen un peso importante, pois non cambia moito a situación e resulta excesivo o esforzo que supón a participación neles para os resultados que se poden esperar. Algúns homes perciben



que as mulleres tiveron máis dificultades, traballando máis e con maior esixencia para alcanzar o mesmo nivel que eles. En contrapartida, entre algunhas mulleres aparece un tipo de pensamento onde se sinala que o custo no foi maior, senón que se trata de estar entre os mellores con independencia de ser home ou muller.

#### *Mulleres en cargos de responsabilidade e de xestión*

A presenza da muller nos órganos de xestión e dirección remite a un trans-fundo común *vontade de poder*. A ética do coidado e a preocupación polos demais parece privativa das mulleres. A elas se lles supón, excepto se pretenden reproducir roles masculinos, a carencia de interese por ocupar posicións de dirección que supostamente outorgan poder.

#### *A mocidade e as perspectivas de traballo*

A inestabilidade laboral é un dos aspectos máis problemáticos na carreira científica na actualidade, onde o nivel de incerteza é moi alto tras investir unha media de dez anos en réxime de formación como bolseiros/as sen perspectiva de alcanzar a meta. No caso das mozas hai que engadir o de ter que chegar a escoller entre a vida persoal e a profesional nun momento das súas carreira, e incluso propoñer a posibilidade de abandonar primando os aspectos afectivos ou familiares. No caso dos homes estas consideracións non se manifiestan de forma tan radical, non teñen unha orde de preferencias explícita entre o privado e o profesional e tenden a pensar que os problemas persoais non van a interferir negativamente no seus traballos, móstranse máis seguros.

#### *Temas de responsabilidade social e de ética do coidado*

O coidado dos descendentes e os ascendentes aparece como responsabilidade directa das mulleres. Un problema ao que deben enfrontarse nun momento da súa vida persoal e que repercutirá na súa carreira profesional.

En poucos casos se expón como un asunto de parella e se considera como algo non específico da área científica. En xeral as mulleres asúmeno como propio e os homes como un problema delas sendo remisos a presentar estes aspectos de forma espontánea, pois non o consideran como un impedimento ou dificultade que requira unha máis profunda reflexión no desenvolvemento da súa vida profesional.

Nos grupos de mozas tanto pre como post doutorais a preocupación pola conciliación entre a vida laboral e persoal é moi significativa. Criticase ao sistema nacional que establece un nivel de competitividade que non permite parar e mesmo baixar o ritmo de produtividade durante un tempo, aínda que este coincida co establecido por unha baixa de maternidade onde deberían articularse medidas para que dito período non supoña unha interrupción efectiva na carreira investigadora. Igualmente considérase un problema a obrigatoriedade de ter que desprazarse ao estranxeiro, cos inconvenientes que isto pode carrexar na organización de aspectos de tipo familiar. Presúmese que un número significativo de mulleres abandonan a carreira científica ante o convencemento da imposibilidade de compatibilizar a vida persoal e profesional.



**A inestabilidade laboral é un dos aspectos máis problemáticos na carreira científica na actualidade, onde o nivel de incerteza é moi alto tras investir unha media de dez anos en réxime de formación como bolseiros/as sen perspectiva de alcanzar a meta**

**As mulleres, en moitos casos, tras unha reflexión máis profunda, rememoran e detectan situacións vividas de discriminación, desinterese, desatención ou falta de mecanismos para resolver problemas no seo da comunidade científica**

**[...] os profesionais transmiten certa insatisfacción no que consideran a escasa relevancia social do seu traballo en España, tamén existe un temor sobre a posible discontinuidade ou inseguridade de financiamento de proxectos particularmente en período de crise económica**

**E necesario explicar as medidas de discriminación positiva como o intento de facilitar con maior rapidez o alcance de situacións paritarias. As medidas legais adoptadas se perciben maioritariamente como imposicións e decretos, asociadas a unha determinada opción ideolóxica**

#### *Grao de satisfacción co traballo e relevancia social da profesión*

Un trazo interesante desta área de coñecemento é o convencemento de estar traballando en algo que gusta, integrado na punta de lanza do coñecemento e que pode entenderse como a culminación dun proxecto *vocacional*. Isto, xunto con todas as súas vantaxes, pode representar no caso das mulleres unha certa redución da actitude reivindicativa.

En canto a indubidable importancia social e mediática desta ciencia vinculada a asuntos como a carreira espacial ou os avances e aplicacións tecnocientíficas como a radioastronomía, os satélites espaciais, etc., os profesionais transmiten certa insatisfacción no que consideran a escasa relevancia social do seu traballo en España, tamén existe un temor sobre a posible discontinuidade ou inseguridade de financiamento de proxectos particularmente en período de crise económica.

#### *Algúns cambios e tendencias*

Observase un incremento crecente na incorporación da muller ao conxunto de actividades xeradoras do coñecemento en todas as ramas produtivas. Ao mellorar a posición da muller aparecen outros tipos de discriminación xa existentes, pero posiblemente ocultos como: menor participación nos niveis avanzados de dirección, goberno e xestión da ciencia, menor número en dirección de proxectos de investigación e teses doutorais, reducida presenza na difusión pública do coñecemento (medios de comunicación, academias de ciencia, selección de grupos de expertos/as, etc.).

#### *Medidas de igualdade*

O tema que apareceu de forma espontánea en todos os colectivos preséntanos críticas indirectas, que no caso dos homes, e de forma case xeneralizada, reflexa un rexeitamento profundo; nas mulleres é menor, pero insístese na enorme carga de traballo que supón (sempre son as mesmas as que se ven obrigadas a participar), por outra banda faise moi difícil a promoción, porque as que participan nas comisións poñen moi alto o nivel de esixencia, aínda que os datos sinalan que este é abrumadoramente máis forte nas comisións non paritarias.

E necesario explicar as medidas de discriminación positiva como o intento de facilitar con maior rapidez o alcance de situacións paritarias. As medidas legais adoptadas se perciben maioritariamente como imposicións e decretos, asociadas a unha determinada opción ideolóxica. Ditas medidas activas contra a discriminación requiren unha constante acción orientativa e argumentativa para que se comprenda a necesidade e se perciba posteriormente a eficacia. Sen esta pedagogía social se poden crear novas formas de discriminación.

(Santiago de Compostela, xaneiro, 2011) ■



# SEMPRE MALÍSIMA



COMBA CAMPOY

De cando en cando atópome inmersa nunha discusión con persoas que consideran innecesarias, mesmo contraproducentes, as cotas que tentan promover unha maior presenza feminina nos postos directivos do audiovisual. Estas mesmas persoas mófanse dos festivais de cinema feito por mulleres ou de calquera outra actividade creativa que, invertendo a situación máis frecuente, prioriza a presenza activa das mulleres e reservan para os homes o papel de espectadores.

Nese tipo de discusións poucos argumentos serven para virar as posicións enquistadas no debuxo idílico dun mundo onde a igualdade de oportunidades reina, e onde cada persoa chega a onde chega en función do seu talento e a súa formación. Tales ideas chocan cos datos da elevadísima porcentaxe de alumnas que entran nas facultades de Comunicación Audiovisual respecto dos seus compañeiros mozos, e o contraste co ínfimo número de directoras en activo fronte ao de directores. A

enorme fenda non se pode explicar co argumento do talento, nin no eido do audiovisual nin no do xornalismo, os dous sectores profesionais dos que podo falar. Dous sectores nos que as actitudes sexistas son dominantes, algo gravísimo tendo en conta que ambos teñen por obxecto a produción de contidos simbólicos que se trasladarán de xeito masivo á sociedade, desprovista de instrumentos críticos para decodificar esas mensaxes. Cando me descubro na calexa sen saída das discusións de



**Da análise dos meus anos de traballo como actriz extraio algúns indicios que confirman que no audiovisual galego, apesar do elevado número de mulleres que traballan nel, contribúese a perpetuar unha visión do mundo fondamente sexista.**

taberna, moitas veces acabo abandonándome á sensación de derrota e deixando a cousa en táboas. A retirada é só técnica, porque o meu verdadeiro campo de batalla está no día a día.

Tamén a min me custou, no seu momento, detectar onde actuaban os mecanismos do discurso patriarcal, tan enquistados como estaban na estrutura do sistema de produción audiovisual. En realidade, tiven que botar varios anos traballando no estómago da balea para entender que era o que non cadra. Así que, aínda que non adoito facelo nas aborrecidas discusións de taberna, podería falar da miña experiencia. Da análise dos meus anos de traballo como actriz extraio algúns indicios que confirman que no audiovisual galego, apesar do elevado número de mulleres que traballan nel, contribúese a perpetuar unha visión do mundo fondamente sexista.

Eu estaba no meu último ano da carreira de xornalismo cando, case por casualidade, fixen unha proba para unha serie de ficción que ía emitir a TVG, tentando reeditar o grande éxito que supuxera *Mareas vivas*. A miña orientación profesional xa estaba, pois, encamiñada cara a comunicación, aínda que non como actriz. A esas alturas da carreira, xa ninguén na facultade cría na independencia dos medios de comunicación, nin na posibilidade de cambiar o rumbo da historia e combater as inxustizas a través do traballo dunha xornalista illada. O escepticismo extendíase entre moitas de nós e algunhas buscabamos alimentar as nosas inquietudes asistindo a cursos de interpretación, organizando recitais poéticos ou gravando curtas que xamais nos atrevemos a divulgar. Así que a oportunidade de traballar nunha serie supuña un aliciente nun horizonte de expectativas pouco estimulante. E así comecei a encarnar a Uxía, un personaxe que durante os case douscentos capítulos que tería *Rías Baixas* pasou por un senfín de vicisitudes, cambiou de carácter e mesmo de personalidade unha ducia de veces; e que aínda non me abando-

nou completamente. Para todas as persoas que seguiron a serie nas súas distintas etapas de emisión (e reemisión) Uxía sempre foi *a mala*. Tanto ten que fose a filla da criada e do señor da casa; que pasara por períodos de demencia e sobrevivira milagrosamente da caída por un acantilado; que acabara sendo forzada pola súa avoa, señora da casa (outra *mala* de libro) a manter relacións co inimigo da familia e así conseguir vencelo; que finalmente, despois de conseguir o recoñecemento como lexítima herdeira da saga e reconvertida en socia dunha empresa alimentaria, decidise endereitar os seus pasos e traballar como asistente de laboratorio... da empresa da que era co-propietaria! Nada diso liberará ao personaxe de Uxía das lapas do inferno, ou do que sexa que o imaxinario nacional-católico inventara para substituílo.

*Rías Baixas* foi, dentro daquel momento de auxe da produción de ficción propia que alentara a tvG, o resultado dunha suma de intelixentes decisións empresariais. Por unha banda, a produtora Zenit Audiovisual, dirixida por unha muller, Zaza Ceballos, conseguía os dereitos dunha serie que acadara un importante éxito na televisión catalá, *Nissaga de poder*, baseada nunha novela de Benet i Jornet e ambientada na rexión vitivinícola do Penedes. Por outra parte, moitos elementos lembraban bastante a outra famosa serie dos anos oitenta, *Falcon Crest*. Así e todo, aínda que fose tabú recoñecelo, moitas das estratexias dramáticas e o xeito de estirar a trama adoptada pola serie na súa evolución asimilábana ao xénero nacido nos Estados Unidos baixo o patrocinio dunha marca de xabrón, a *soap opera*, e que no contexto televisivo latinoamericano chegaría ás súas máximas posibilidades como o *culebrón*, a telenovela de duración case infinita. Algúns autores, como Eliseo Verón ou Jesús Martín Barbero, analizaron as telenovelas desde o punto de vista dos usos que as espectadoras e os espectadores facían delas. Nese sentido, as mulleres con poucos recursos atoparían nos per-

sonaxes desgraciados, sometidos a inxustizas inimaxinábeis, un elemento de identificación e consolo das súas propias existencias. O culebrón tamén funcionaría como pretexto para a conversa. Mirar unha telenovela levaría aparellado un acto de comunicación veciñal, un momento compartido. Outros estudos céntranse na estrutura dramática destas telenovelas para tratar de entender a súa eficacia como relatos. As súas precursoras literarias, a novela de folletín ou o melodrama teatral, son xéneros cunhas regras moi ben definidas. Igual que na telenovela, o suspense, a revelación do segredo e as viraxes inesperadas nas tramas, manteñen ao espectador ou espectadora apegada á pantalla do televisor e ansiosa pola chegada do seguinte capítulo.

Un xénero con raíces tan antigas (podemos rastrexar sen dificultade elementos da *Poética* de Aristóteles en calquera episodio de culebrón) e con convencións tan asentadas basea as súas tramas nas relacións entre unha serie de personaxes tipo. Así, en *Rías Baixas* atopamos unha clara división entre os bos e os malos, diferenza atravesada verticalmente polos diferentes chanzos da pirámide social. Enriba estaban os Lantaño, a *saga de poder* que do Penedés é trasposta de xeito algo tosco ao contexto de Cambados. Nesa familia existen personaxes pérfidos, como son o primoxénito e a súa nai, a matriarca construída baixo a longa sombra da Angela Channing. Por outra banda, como non todos os ricos poden ser malos, os outros membros da familia son polo xeral, honrados e amábeis cos criados. No chanzo intermedio, representando o mundo externo ao pazo señorial, estarían os traballadores das vides, e o seu capataz, submisos e entregados á familia dos terratenentes. No último chanzo, morando nunha casina no xardín do pazo, as criadas da familia, resignadas mulleres traballadoras. E aquí é onde aparece o personaxe de Uxía, como a mácula nese panorama de vitiimismo. Uxía encarna todos os defectos inimaxinábeis nunha muller: rebelde, in-

disciplinada, irreverente. Négase a seguir os pasos da súa avoa e a súa nai e servir aos Lantaño, pero, como nada bo podía saír diso, as decisións que toma pola súa conta sempre son erradas. A prostitución perfílase como castigo irremediábel por ter desafiado o sino da natureza. Até que, ao remate da primeira tempada, a máis canónica da serie, prodúcese a revelación. Uxía descobre que é filla do señor da casa, o malvado Gonzalo Lantaño, e a partir de aí non abandonará o seu empeño por acadar o recoñecemento como herdeira lexítima do imperio. Comeza unha nova etapa na vida do personaxe, igualmente reprobábel aos ollos da sociedade que asigna á muller un papel pasivo. Até aquí, a grandes trazos, a descrición do personaxe tal e como fora definido polos seus creadores orixinais. A transposición ao contexto galego non deixaba marxe máis que para mutacións superficiais e anecdóticas. Por iso, o feito de que os equipos de produción e de guión estivesen dirixidos por mulleres pouco influíu en mitigar a carga sexista da historia.

O caso de *Rías Baixas* non é illado. A importación de formatos de éxito noutras televisións foi a dinámica habitual na produción das series para a TVG. No caso do cinema, a pequena industria galega poucas veces se atreveu a apostar por historias propias de autores galegos, menos aínda de autoras. As mulleres poucas veces teñen a oportunidade de materializar as súas propias ideas creativas, e cando o fan, adoita ser á fronte da súa propia produtora. Outras moitas, guionistas, realizadoras ou produtoras non teñen máis remedio que asumir roles por baixo da súa preparación para sobrevivir no delicado panorama laboral que hoxe ofrece o audiovisual. Para min, formar parte do elenco daquela serie constituíu unha experiencia valiosa e unha maneira de coñecer desde dentro unha realidade á que até entón só accedera como espectadora. Traballei con moitas persoas durante todos eses anos, con homes e mulleres con moitas ideas que moi pou-

**Traballei con moitas persoas durante todos eses anos, con homes e mulleres con moitas ideas que moi poucas veces conseguiron levar adiante. Eu sentín a necesidade de intentalo, agarrando os meus propios proxectos desde a súa xestación**

cas veces conseguiron levar adiante. Eu sentín a necesidade de intentalo, agarrando os meus propios proxectos desde a súa xestación. Para iso, o papel de actriz non abundaba. A miña formación levoume a interesarme polo traballo de guionista e de produtora. E boteime á piscina, para tentar chegar a contar as historias que eu considerase interesantes. Decidín, como o personaxe co que aínda algunhas persoas me identifican pola rúa, trazar o meu propio rumbo, a custa de converterme na *ambiciosa*, na *marimandona*, na Mala. E nesas estamos, tentándoo, que non é pouco. ■

# Sobre a I edición do MUFEST

PROD.

ROLL

Tras máis de un ano dende a celebración da I edición do MUFEST, e a punto de celebrarse a II edición (do 22 ao 26 de febreiro) permanece aínda o bo sabor de boca.

Emprendemos a actividade case sen darnos conta do que tiñamos entre mans e do que podía e pode dar de si esta iniciativa. Partiamos da idea e da realidade da falta de espazos onde as obras audiovisuais en xeral e especificamente aquelas feitas por mulleres se poidan exhibir e teñan cabida.

É evidente que a nivel cultural a ollada feminina e feminista queda diluída por patróns sociais ben arraigados. A nosa perspectiva é invisible, existe pero non se ve. Susana Rei o resumía durante o seu relatorio no I MUFEST cando se refería a como o filme *Airbag* dificilmente podería estar escrito por unha muller. A intención deste artigo non é

entrar a valorar cales son esas historias escritas por mulleres ou cales deberían ser. Pero unha obra audiovisual non é só a historia que se conta, tamén como se conta e todos os aspectos técnicos e narrativos que diferencian o cine doutras actividades artísticas.

Así pois, con esta idea na cabeza comezamos unha batalla organizativa da que saímos relativamente vitoriosas. Vitoriosas, porque sendo a primeira edición fomos quen de levala a cabo de xeito completo e gratificante. Relativa, porque quedan moitas cousas por corrixir e aprender.

Pero o que mais nos sorprendeu foi a boa acollida que tivo a proposta entre aquelas mulleres que traballan no mundo audiovisual. Aquelas que viven, ou o intentan, da súa paixón de facer filmes e buscan un lugar onde amosar o que son capaces de facer. Recibimos

DIRECTOR

CAMERA

obras de todas partes do mundo, obras asombrosamente creativas e de grandísima calidade técnica. E descubrimos que a comedia non é un xénero masculino, que o drama pode verse dende olladas moi diferentes, e que a calidade non está rifada coa falta de presuposto. O que atopamos foi que estamos rodeadas de mulleres con ideas fantásticas, cun milleiro de historias por contar e que tantas veces non hai onde. Unha película non debe morrer unha vez está acabada, ese terá que ser o principio da súa vida.

O certo é que non queriamos tampouco que o MUFEST quedase nunha mera exhibición de películas. Porque, se é certo que existe unha falta neste sentido, tamén o é en canto á crítica e opinión. Queriamos debater e intentar entender cal é a nosa situación no mundo audiovisual, dende puntos de vista diversos: o profesional ou o educativo. Hipotetizar sobre cal será o futuro. Para iso contamos coas aportacións de invitadas como a directora e ensinante Margarita Ledo, a directora Susana Rei ou a produtora Carme Rábade e a ensinante Anna Amorós. Con elas repasamos ademais das súas experiencias profesionais a situación actual das mulleres no audiovisual, así como no mundo do ensino audiovisual en Galicia, e coñecer como se perfilan as futuras xeración de novas creadoras.

Pero, como sinalabamos anteriormente, o máis gratificante foi a boa acollida e a cantidade e calidade dos filmes recibidos. Das máis de cincuenta obras, escolléronse doce semifinalistas, entre as que o xurado debía seleccionar as tres gañadoras. Así foi como Agar Ledo, Llerena Perozo, Marta Piñeiro e Nerea Unzueta, xunto cunha representante do MUFEST, seleccionaron as obras premiadas.

O terceiro premio recaeu na obra de produción vasca e dirixida polas mexicanas Oriana Alcaine e Alejandra Márquez *5 Recuerdos*; unha peza de gran calidade técnica, cunha impecable interpretación por parte da protagonista Katia Acevedo, onde o fío condutor é

unha receita de cociña pasada de xeración en xeración que conduce á protagonista a un mundo cheo de cores e olores mentres busca na memoria o quinto ingrediente necesario para a receita.

O segundo premio foi para *Bata por fóra (muller por dentro)* de Claudia Brenlla, un documental experimental que afonda no uso e características da bata, xeralmente a de cadros que tantas mulleres utilizan en Galicia. A bata é un símbolo, un elemento identificador da cultura galega.

En primeiro lugar quedou a curtometraxe de Margherita Morello *Bloqueo*, rodada na cidade de Barcelona, onde a protagonista (interpretada por Rula Blanco) queda bloqueada fóra da súa casa. Presenta unha análise cómica do surrealista que pode chegar a ser un sistema burocrático, case tanto como aquel no que vivimos.

A decisión do xurado non foi fácil, dada a calidade das obras, polo que se outorgaron dúas mencións especiais, unha para o documental *Deconstruction of Memory*, de Ramona Rodríguez, unha peza experimental onde dúas mulleres de orixe mexicana, aínda que de nacionalidade norteamericana, falan de seus recordos. O documental vai perfilando a personalidade e carácter de cada unha das mulleres seguindo o fío dos seus recordos non sempre ordenados. A outra mención foi para a obra de Sabela Pernas *Tómate o teu tempo*, unha reflexión sobre a falta de tempo no mundo actual, presentada cunha estética e unha perspectiva de estilo característico e orixinal.

Así quedaron repartidos os premios na primeira edición. E continuamos agora organizando a II edición do MUFEST esperando recibir máis obras, outorgar mellores premios e ofrecer unha plataforma aberta ás creadoras galegas e do mundo onde exhibir súas obras e compartir experiencias, ademais de convertelo nun punto de interese para a industria audiovisual.

Faite ver! ■



Imaxes de:  
*Bata por fóra (muller por dentro)*  
*Deconstruction of Memory*  
*Tómate o teu tempo*

**O certo é que non queriamos tampouco que o MUFEST quedase nunha mera exhibición de películas. Porque, se é certo que existe unha falta neste sentido, tamén o é en canto á crítica e opinión. Queriamos debater e intentar entender cal é a nosa situación no mundo audiovisual, dende puntos de vista diversos: o profesional ou o educativo. Hipotetizar sobre cal será o futuro**

# Fina, de labrega a empresaria de invernadoiros



CRISTINA FEAL GONZÁLEZ\*

O 1 de setembro de 1938, en plena guerra civil, naceu a nosa seguinte protagonista, Fina, no seo dunha familia humilde de Grandal, unha pequena aldea do Concello de Vilarmarior (A Coruña). Filla de Rodrigo, un feirante de gando, e de Amparo, labradora e ama de casa, medrou nun entorno rural no que a vida da época non era nada fácil.

Era a quinta filla de nove irmáns, polo que con só doce anos deixou a escola rural de nenas do seu lugar para axudar na casa e coser.

Dende moi noviña aprendín a coser ca veciña das Teixoeiras. Ó principio, cando deixei a escola, cosía para a casa, xa que eramos moitos irmáns e non había cartos para todo. Despois, empecei a coser para as casas dos veciños cunha máquina Refrey manual que mercaron meus pais a prazos. [...] Ás veces, nas casas ás que ía coser xa tiñan máquina, polo que non levaba a miña.

Ós 19 anos, á súa madriña viúva morreulle o único fillo que tiña, polo que decidiu levar á súa única afillada a vivir con ela a Doroña (Vilarmarior), para non estar soa nunha casa tan grande.

Cando lle morreu o fillo á madriña funme a vivir con ela, xa que na casa eramos moitos a comer. Neste momento deixei a costura polas tarefas da casa e as vacas, tiña moito traballo. [...] Botaba un día para frega-lo chan da casa e outro para lava-la roupa no río.

Nunha festa de verán coñeceu ó seu futuro marido, Manuel, labrador de profesión. E a pesar dos sete anos de diferenza, o 2 de maio de 1963 casaron na Igrexa parroquial de Santa María de Doroña, cando Fina contaba con 26 anos.

Uns meses máis tarde, o 7 de febreiro de 1964, naceu a súa primeira filla na casa familiar do Abeledo (Doroña), coa única axuda do médico da aldea.

Ó pouco de casarmos o meu marido foi face-la mili a Ferrol, e quedei eu sola ca madriña e a nena. [...] Na casa había moito traballo e eu non podía con todo, por iso mandei a Finita para a casa de meus pais [...], só foron seis meses, porque eu tamén a quería comigo.

\* Cristina é neta de Fina.



# LEMBRANZAS dunha época

Á volta da mili, Manuel ocupouse da agricultura da casa e das vacas xunto á súa muller durante cinco anos, tras os cales foi a traballar de encofrador ás obras de Ferrol. Desgraciadamente, cando xa levaba seis anos traballando, sufriu un accidente laboral que o incapacitou para traballar no sector da construción.

Durante estes anos de traballo na cidade naceu Paca, a segunda filla. E un ano máis tarde, Amparo, polo que o traballo e os gastos se triplicaron.

Foron tempos moi duros, [...] moito traballo e poucos cartos, pero fomos saíndo adiante entre as vacas, a horta e a froita que vendía a madriña na praza de Pontedeume.

Pasou o tempo, as nenas medraron e chegou o tempo da universidade para Paca e Amparo. A primoxénita xa estaba casada e tiña unha pequena.

Cando as nenas foron estudar a Santiago de Compostela os gastos empezaron a medrar, e as vacas soas non daban para mantelas. [...] Un coñecido do meu marido, que traballaba na Extensión Agraria, díxonos do negocio dos invernadoiros [...] e despois de pensalo moito decidimos montar o noso primeiro invernadoiro.

Así foi como Fina montou o seu propio negocio coa axuda do seu marido, un negocio que naquel entón xa custou moitos cartos montalo. A pesar desta nova aventura, non abandonaron as vacas e a horta para consumo propio.

Primeiro só montamos un invernadoiro bitúnel [construción de dous espazos con forma de túnel que están unidos por un canal de recollida de augas (chuvia)], para proba-lo negocio. [...] Nel empezamos a cultivar varias clases de caraveis, que despois de cortar e de amañar vendiamos á Cooperativa de Agroflor, en Ferrol. [...] Co tempo, o invernadoiro comezou a dar os seus cartiños, máis coas vacas [...], polo que montamos outro, dun só túnel.

Coa chegada do segundo invernadoiro o traballo comezou a ser cada vez maior, sobre todo nos veráns, época de máximo cultivo baixo os plásticos.

Levantábame ó amencer para muxi-las vacas, porque ás 9 viña o leiteiro a busca-lo tanque. Logo, almorzaba e baixaba para os invernadoiros a cortar caraveis, ata media mañá, cando a calor e os sulfatos empezaban a afogar. [...] Facía a comida, fregaba e organizaba algo pola casa [...] á tarde volvía a cortar máis flores ata ó anoitecer. Despois de cear, amañaba as flores cortadas co marido, xa que na cooperativa esixían un mínimo de preparación e presentación. [...] Foron anos de moito traballo, veráns sen pisar unha festa, [...] había días que nos deitabamos ás 5, e ás 7, en pé outra vez. [...] E só contábamos coa axuda das fillas, que nos botaban unha man cando podían.

Anos máis tarde, Paca rematou a Diplomatura de Traballo Social, e Amparo, a de Maxisterio Infantil, polo que decidiron deixa-las vacas para dedicarse por completo ós caraveis.

Cando os gastos foron a menos decidimos deixa-las vacas e quedarnos cos invernadoiros, xa que daban máis cartos. Neles seguimos cultivando caraveis, ata cinco clases diferentes! [...] Tivemos unha especie que se chamaba Cristina, coma ti!!! [...] Ademais dos caraveis, tamén cultivabamos gladiolos e limonio, sobre todo para o día de defuntos.

E así, entre flor e flor, pasou Fina os últimos anos antes da xubilación.

Cando me xubilei seguí uns catro meses cos invernadoiros, ata que rematou a produción dese ano [...] deixo traballado moito nesta vida. [...] Agora só temos o invernadoiro pequeno, no que planto tomates, leitugas, pementos, fresas [...], todo para o consumo da casa.

Foron moitos anos os que Fina tivo que loitar e traballar moi duro para sacar á súa familia adiante, pero afortunadamente, hoxe pode gozar dela como unha avoa orgullosa. ■

Filmes

# También la lluvia



LAURA GÓMEZ LORENZO

## Ficha técnica

Título orixinal: *También la lluvia*

Dirección: Icíar Bollaín

Guión: Paul Laverty

Producción: Juan Gordon

Dirección de producción: Cristina Zumárraga

Productora: Morena Films

Co-productoras: Vaca Films/Mandarin FilmsAlebrije Producciones

Dirección artística: Juan Pedro Gaspar

Dirección de fotografía: Alex Catalán

Compositor: Alberto Iglesias

## Ficha artística

Costa: Luis Tosar

Sebastián: Gael García-Bernal

Daniel/Hatuey: Juan Carlos Aduviri

Antón/Cristóbal Colón: Karra Elejalde

Alberto/Bartolomé de las Casas: Carlos Santos/Juan/Antonio Montesinos: Raúl Arévalo

## Sinopse

Sebastián (Gael García Bernal) e Costa (Luis Tosar) propuxéronse facer unha película sobre Cristóbal Colón e o *descubrimiento* de América. Mientras que Sebastián, o director, pretende desmitificar o personaxe presentándoo como un home ambicioso e sen escrúpulos, a Costa, o produtor, só lle importa axustar a película ao modesto orzamento de que dispoñen. Precisamente por isto Costa escolle Bolivia, por ser un dos países máis baratos e con maior poboación indíxena de América Latina. O

filme ródase en Cochabamba, onde a privatización e venda da auga a unha multinacional provoca entre a poboación un malestar tal que fará estourar a tristemente famosa guerra boliviana da auga (xaneiro-abril do ano 2000). Máis de cincocentos anos despois da conquista e colonización de América, palos e pedras enfróntanse de novo ao aceiro e a pólvora, neste caso á dun exército moderno. Pero desta volta non se loita polo ouro, senón polo máis imprescindible dos elementos vitais: a auga.

Web oficial:

<http://www.tambienlalluvia.com>

Excelente filme dirixido por Icíar Bollaín onde medran flores doutro mundo. A obra, que madurou durante longo tempo, deu nun froito saboroso. Conta cun guión de Paul Laverty pacientemente traballado, un equipo de xente talentosa (fotografía, música, montaxe...), magníficos actores principais e secundarios e máis de trescentos extras (entre eles, xente campesiña da etnia yuracaré). Rodouse na cidade de Cochabamba e na selva boliviana.

A historia, de cine dentro do cine, con mestura de xéneros distintos, enfoca a cuestión clave a través da viaxe persoal que realizan os protagonistas, o director da película histórica, Sebastián, e o produtor da mesma, Costa, afondando nos importantes matices diferenciais de ideoloxía e compromiso.

Afastándose do estilo de proclama, mostra a través dos diálogos da película que rodan sobre Colón a consideración que lle merecían *os indios* a aquela expedición española de conquista, espolio e xenocidio que chegara para quedarse. As discordantes voces dos frades revolucionarios Bartolomé de las Casas e Antonio Montesinos obteñen aínda a réplica dende o presente, durante a guerra da auga, nas palabras do rexedor da cidade de Cochabamba: «se cedemos un centímetro, estes indios levarannos de novo a Idade de Pedra». Tantos séculos despois, a situación dos pobos orixinarios que sobreviviron a aquela conquista non mudou de xeito substancial, seguen *abertas as veas de América Latina*: o neoliberalismo to-

mou o relevo no asoballamento, pola cobiza dos recursos dos seus territorios.

A tese da película desenvólvese pois nun marco moi actual, cuxos parámetros por desgraza aínda veremos expandirse no futuro entre as poboacións máis febles do planeta. O capital transnacional, co parabén do Banco Mundial, compra gobernos e vontades e continuará a privatizar recursos básicos, a acaparar reservas de auga onde as haxa, créditos de carbono en países que dispoñan de densos bosques tropicais, leiras de monocultivo transxénico coa extensión de Dinamarca para biocombustibles..., sen que as fronteiras existan para a depredación, ao mesmo tempo que nega ou minimiza a importancia do cambio climático.

Polo camiño, a actual colonización deste novo Imperio dos bárbaros vai arrasando noutros ámbitos, pois convénlle a uniformidade cultural na procura do pensamento único, para manter un só modelo de *progreso*. Deste xeito, na película, a quen financia o filme histórico tanto lle teñen as diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais entre taínos e caribes con quechuas e aymaras (por citar as culturas máis representativas para o caso), se a selva onde filman garda ou non semellanzas coa da illa denominada polos hispanos *descubridores* La Española ou que Colón nunca puxese os pés no actual territorio de Bolivia. A presión económica fai tabula rasa, mesmo para levar a cabo un proxecto cheo de boas intencións.

Por todo isto é interesante e emotivo asistir á evolución do personaxe de Costa en *También la lluvia*. Dende o momento en que deixa de mirar dende unha absurda superioridade a Daniel é quen de guiarse polo corazón ata chegar a comprender o pensamento do boliviano. «Dale tu mano al indio...», parece acompañar na lembranza a voz *da Negra*, Mercedes Sosa, en *Canción para mi América*. Por todo isto é valioso saber e reter, aínda que só sexa por algúns minutos, que auga en quechua dise *yaku*. ■



**A tese da película desenvólvese pois nun marco moi actual, cuxos parámetros por desgraza aínda veremos expandirse no futuro entre as poboacións máis febles do planeta**

## Libros



### *Lidia Senra Rodríguez: A historia dun liderado entrañable*

#### NANINA SANTOS

Tareixa Ledo Regal presentou, o 18 de decembro 2010 no Auditorio de Galiza (Compostela), a súa obra *Lidia Senra Rodríguez: A historia dun liderado entrañable*, publicado por Edicións Laiovento. Fíxoo arroupada por máis de trescentas persoas que asistiron ao acto, organizado pola editorial e o Sindicato Labrego Galego. Alí, Tareixa estivo acompañada na mesa de falantes pola secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, Xosé Manuel Beiras, en representación da editorial, Isabel Vilalba, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG e a propia Lidia Senra.

O libro ten as súas raíces fondas no traballo desenvolvido por Lidia e por Tareixa no Sindicato Labrego Galego. Poñer en valor, por escrito e documentadamente, o feito e o xeito de facer de Lidia e o medre das labregas da man do traballo organizado do sindicato a prol dos seus dereitos e da súa valía. Un xeito importante de contribuír á historia das mulleres, do sindicalismo, do sindicalismo labrego e do feminismo ou, o que é o mesmo, contribuír á historia deste país.

Das máis de trescentas persoas que estivemos no acto abundaban as xentes do campo, esa xente que a cotío... *leva terra nas uñas*, vestida para ocasión singular e solemne e chegada de lonxe, atravesando a friaxe xeadada da mañá.

No xantar, compartimos ricos produtos da terra, das árbores, leiras e coañas desa xente que alimenta, co seu traballo e produtos, a quen queremos comer sabendo que comemos. Alí, petiscando empanada, chourizos, coello, melindres ou mesmo unhas mazás que para si querería a bruxa de Branca das Neves, vin como tantas labregas e labregos de idades avanzadas e xentes máis mozas, agarimaban contra o seu peito o libro de Tareixa sobre Lidia.

Quixen facer unha foto a unha muller maior que, sentada, lía, ollaba e folleaba o libro emocionada. Non me atrevín a interromper aquel acto cunha cámara. Para algunhas igual é o primeiro libro propio e para si que levan a casa.

Seguramente pensando nisto, Tareixa –a editorial– e alguén do sindicato pensaron nun formato particular: cadrado (22 x 22 cm) para usar unhas

amplas marxes (6 cm) con entresacados, fotos e textos ben seleccionados, con corpo de letra grande e de lectura doada para persoas non moi experimentadas neste quefacer.

No acto houbo xente miúda que alegrrou o mundo adulto e foi quen de inaugurar a sesión da tarde e nunca faltaron intervencións musicais.

O sabor, o ton, o ambiente eran de proximidade e agarimo, de curiosidade intelectual e de admiración á autora e á persoa que a autora retrataba. Moita da xente alí presente sentíase encarnada e representada nesa muller loitadora e íntegra da que o libro dá conta.

No acto, os corazóns ao descuberto alentados co exemplo real e presente de resistencia e coherencia. Corazóns que a cotío latexan en peitos desvalidos nun mundo hostil e duro, tiveron ese día nese acto un pouco de bálsamo.



LEDO REGAL, T.: *Lidia Senra Rodríguez: A historia dun liderado entrañable*, Santiago, Laiovento, 2010.

O libro trata de Lidia Senra Rodríguez, quen fora Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego ao longo de dezoito anos (1989-2007) e responsable de organización e finanzas (1984-1989, 2007).

O traballo que Tareixa desenvolve no sindicato dálle unha proximidade e coñecemento valioso para a tarefa que pretende: desmontar prexuízos sobre as mulleres labregas, as galegas en particular, facéndoas visibles, na súa profesión e na importancia do seu facer; así como a organización que o SLG fixo con tesón e valor desde 1990, data en que crean a Secretaría das Mulleres para o sindicato; pelexar por un mundo rural vivo, sen desigualdade nin atrancos para as mulleres, predicando co exemplo.

Poñer a luz, facer ver e promover ese xeito de liderado entrañable (coas entrañas, co corazón, co que somos e co que queremos ser), que é o de Lidia Senra, dirixente do SLG segundo o cualifica Tareixa.

Unha presentación de Carme Freire, Secretaria Xeral do SLG, e un limiar de Isabel Vilalba Seivane, responsable da Secretaría das Mulleres, abren o libro. A seguir, a introdución de Tareixa Ledo. É valiosa a postura que a encabeza: «Unha postura apaixonadamente situada». Ningún medo a expresar des-

de os comezos o inequívoco punto de mira no que te colocas e no que estás á hora de facer o que fas e escribir o que escribes. A postura situada non ten por que minguar o rigor do traballo a desenvolver e así é neste caso. Cousas ambas, moi de agradecer.

Cap. 1 (pp. 25 - 43), «Soñando liderados entrañables», onde se explican e comparan os liderados convencionais, masculinos, e os liderados transformadores, con exemplos concretos de mulleres líderes, mulleres con poder e poderío. Todas elas apegadas a terra. Nela, as súas raíces: Vandana Shiva, Tránsito Amaguaña, Leonora Castaño ou Mily Treviño, entre outras.

Cap. 2 (pp. 47 - 68), «Sanear a ollada para un novo modelo: Da invisibilización das mulleres labregas ao recoñecemento do seu protagonismo». O afán de bater nas visións estereotipadas e uniformizadoras da *muller labrega galega*.

Cap. 3 (71 - 128), «Lidia Senra Rodríguez: A historia dun liderado entrañable ou cando o quefacer colectivo toma nome de muller». Entra xa na historia concreta de Lidia, ou núcleos da historia como di na introdución, feitos a partir dunha entrevista filmada en maio de 2008, con oito núcleos: nenez, primeiros tempos do traballo sindical, na Secretaría Xeral, a dimensión feminista, as tarefas da Secretaría das Mulleres, a dimensión de referente feminista nacional-europeo e internacional e a autoconciencia de liderado. As lagoas que a autora lle interesaban foron completadas por escrito posteriormente.

Un longo primeiro apéndice (pp. 131 - 192), «Vinte olladas para un retrato». Vinte persoas, mulleres e homes (11/9), con abundancia das persoas nadas entre 1950-1965 (13), ampla representación de lucenses (12) e 9 do SLG. O retrato é sempre dende o agarimo e a admiración (talvez tivera interese incluír algunha ollada máis lonxana, menos implicada emocionalmente ou mesmo algo hostil), convencidos outros e unhas do valor de exemplo de Lidia Senra como loitadora e persoa íntegra que non se empoleirou no cargo, non se afastou dos seus representados e, aínda que ocupou moi relevantes postos a nivel internacional, seguiu apegada á xente labrega, á defensa da terra e ao sinxelo e importante da vida, dando exemplo coa súa práctica.

Un apéndice 2 (pp. 195 - 203), «A Secretaría das Mulleres, un espazo político entre labregas» documenta en índice cronolóxico as actividades desenvolvidas e unha exposición breve das loitas: dereito a cotización na Seguridade Social Agraria; a titularidade das explotacións; a co-titularidade ou titularidade compartida; pola paridade dentro da organización; a creación da Rede Punto Delas e etc.

Anexos (pp. 207 - 242) con textos e documentos diversos recollidos de *Fouce* e outras publicacións impresas ou virtuais.

Fina o libro con cinco páxinas de bibliografía, vídeos e páxinas web recomendadas e un índice.

O libro é de lectura fácil sen que lle falte sustancia.

O máis importante que salienta do seu liderado entrañable e nese liderado, o ser muller nun mundo de homes, a conciencia feminista e o labor de organización e valor das labregas. Talvez deixe en sombra o non menos importante papel de referente a nivel galego e internacional como defensora dun mundo rural vivo, contrario á agricultura intensiva e ás políticas neoliberais que destrúen a vida e, nesta perspectiva, a súa decisiva contribución á construción dunha ferramenta, o Sindicato



Labrego Galego –Comisións Labregas–, unha organización labrega e de seu, quen de dar voz e valor as persoas que viven nas aldeas e do campo.

O libro é valioso, valioso en si mesmo; necesario, no recoñecemento e apoio a unha líder a quen algúns sectores do movemento nacionalista levan certo tempo tentando derrubar;<sup>1</sup> importante, por poñer por escrito aspectos, partes ou mesmo marxes da histo-

ria deste país que persoas que publican traballos con historias parciais ignoran incomprendiblemente;<sup>2</sup> útil, para quen precise azos e apoios na súa loita diaria para unha vida máis digna e mellor e ademais de todo iso é bonito poder mirar de tan preto unha muller da que tomar exemplo.

Un lindo e importante traballo de Tareixa Ledo. ■

<sup>1</sup> Porque é unha muller desobediente, porque ten ideas propias e non obrou a ditado doutros que querían outro xeito de sindicato máis dúctil, máis correa de transmisión, menos *independente* e con menos feminismo.

<sup>2</sup> Sen ir máis lonxe, dous libros publicados en 2010 de historia do feminismo galego: BAR CENDÓN, M.: *Feministas galegas: Claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Xerais, 387 pp.; e FENTE, E.: *Parir a liberdade: O movemento feminista en Galicia*, Santiago, Alvarellos, 419 pp.

PUBLICIDADE



**Benito Corbal. 16**  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



**Rúa do Sol, 139-141**  
Tel: 35 31 66 Ferrol

**BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN**

**anda!na**  
revista galega de pensamento feminista

Nome .....	Apelidos .....
Enderezo .....	Localidade .....
.....	Código Postal .....
Desexo subscribirme á Revista <b>Andaina</b> a partir do nº .....	
Prezo: <i>Tarifa normal</i> <input type="checkbox"/> 15 € ano	<i>Tarifa de apoio</i> <input type="checkbox"/> 16 € ano
<input type="checkbox"/> Envío talón. Pago en efectivo	Data .....
<input type="checkbox"/> Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301)	Bco/Caixa .....
<input type="checkbox"/> Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)	Oficina .....
	Localidade .....

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade .....	Oficina .....
Dc .....	Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.  
Atentamente:

Nome .....	Apelidos .....
Sinatura do/a titular da conta:	
.....	PODES ATOPAR O BOLETÍN EN <a href="http://www.andainamulleres.org">www.andainamulleres.org</a>

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NIGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

**ASÓCIA - TE**


A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / [www.amesant.org](http://www.amesant.org)

Nome: \_\_\_\_\_  
 Apelidos: \_\_\_\_\_  
 Enderezo \_\_\_\_\_  
 C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_  
 Telf \_\_\_\_\_

Cuota anual: | 30,05 euros.  
 12,02 euros. Estudiantes e parados

---

Caixa/Banco  Sucursal  DC   
 c/c lo libreta de aforro   
 Nome da entidade: \_\_\_\_\_  
 Enderezo: \_\_\_\_\_



# anda!na

revista galega de pensamento feminista

## PUNTOS DE VENDA

### A Coruña

**Librería Couceiro**  
Praza do Libro, 12

**Librería Xiada**  
Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume**  
Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

**Librería Michelena**  
Rúa Michelena, 22

**Librería Paz**  
Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro.** Praza de Cervantes, 6

**Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55

**Baba.** Área Central

**Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Lugo

**Librería Trama**  
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

### Ourense

**Livraria Torga.** Rúa da Paz, 12

## Centro de Información ás Mulleres

### ■ CONCELLARÍA DE IGUALDADE ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a túa disposición o Centro de Información ás Mulleres

**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

PUBLICIDADE

Estamos a túa disposición na rúa  
**Isaac Díaz Pardo, 2-4**  
(xunto ao antigo hospital de Galeras)

Teléfono: **981 542 465**  
Email: [cim@santiagodecompostela.org](mailto:cim@santiagodecompostela.org)



Concellaría de Benestar  
Social e Igualdade

Louise Caroline Bourgeois (París, 1911 - Nova York, 2010) foi unha artista francesa que adquiriu a nacionalidade estadounidense en 1955. Pertencía a unha familia dedicada á restauración de tapices, o que, segundo ela, non foi determinante na súa carreira artística. Non obstante, dende os dez anos empezou a axudar aos seus pais cos debuxos dos tapices e a completalos. A súa vivenda estaba situada xunto a un río, para o mellor desenvolvemento de tal actividade, e fronte a un matadoiro (a auga e os corpos fragmentados terían presenza na súa obra).

O seu pai estivo alistado durante a primeira guerra mundial, polo que ela sentiu a súa ausencia e o nerviosismo da nai durante os seus primeiros anos. Despois da guerra, a súa nai enfermou e a artista tivo que coidar dela ata a súa morte en 1932. O seu pai contratou a unha institutriz que vivía con eles e que ademais de ensinar inglés aos nenos foi amante del durante dez anos, o que Louise non levou ben, quizais por iso dicía que a escola era un refuxio que a illaba do seu fogar.

## Louise Bourgeois

Tras obter o bacharelato en 1932, estudou Matemáticas superiores na Sorbona e Xeometría, apartándose despois das matemáticas, na súa opinión demasiado teóricas. Empezou estudos de Arte, primeiro na escola de Belas Artes e logo en moitas academias, así como na Escola do Louvre. Tivo por esa razón profesores artistas como Paul Colin, Cassandre ou Fernand Léger.

En 1937 coñeceu a Robert Goldwater, con quen casou e se trasladou a Nova York ao ano seguinte. Alí levou a cabo as súas primeiras exposicións, impregnando as súas obras, en especial esculturas, desa vea psíquica, procedente dos seus traumas persoais. Ela mesma afirmaba: «Todos os días un ten que abandonar o seu pasado ou aceptalo, e, entón, se non pode aceptalo, faise escultor».

Influenciada por Giacometti e Brancusi desenvolveu o seu traballo en torno a varias obsesións: a maternidade, o sexo, a culpa, as arañas... Foi, en moitos sentidos, unha pioneira, «Tíña a sensación de que a escena artística pertencía aos homes e que eu estaba, en certo sentido, invadindo os seus dominios», comentara.

A súa formación explica que concebise a memoria como unha forma de arquitectura, adoitaba reducir as súas emocións internas e as producidas pola súa relación cos demais a formas estruturais e imaxes arquitectónicas, como as *Femmes Maison* dos anos corenta, mulleres formadas por un corpo casa (lugar de refuxio e aprisionamento a un tempo) e, no ámbito da escultura, os *Personnages*. A partir da década dos sesenta realiza as pezas denominadas *Lairs*, goridas que son variacións dos mesmos temas, pero engadindo a exploración da diferenza entre o masculino e o feminino. Estas figuras biomórficas aluden ao animal, desconstruíndo a primacía do falo e resaltando a condición feminina, sen deixar de lado as alusións ao desexo. Durante os noventa comeza unha interpretación máis



Para saber máis:

[http://www.babab.com/no07/louise\\_bourgeois.htm](http://www.babab.com/no07/louise_bourgeois.htm)

<http://www.suite101.net/content/louise-bourgeois-y-el-feminismo-a2717>

complexa do seu pasado e a súa construción do presente, engandindo unha linguaxe de símbolos propios e a participación do espectador nas súas instalacións; as *Cells* son os recordos da súa infancia convertidos en estrutura simbólica.

As esculturas monumentais de arañas son algunhas das súas pezas máis coñecidas. Unha delas, *Maman* (1999), está instalada xunto á fachada posterior do Museo Guggenheim de Bilbao. Esta escultura de bronce aborda a calidade dual da maternidade: a araña emprega a súa seda tanto para elaborar botóns coma para atrapar as súas presas.

Conformou unha metodoloxía e unha linguaxe visual propias, un diálogo emocional co espectador e unha forma de poderosa terapia psicoanalítica que constituíu a súa fortaleza e a súa busca constante. Só conseguiu o recoñecemento que se merecía ao final da súa carreira, mais a súa lonxevidade permitiulle poder gozar do respecto debido durante os seus últimos vinte e cinco anos.

Bourgeois foi a primeira muller á que o Museo de Arte Moderna de Nova York (MOMA) lle dedicou unha retrospectiva, en 1982. Entre as súas exposicións máis importantes destacan tamén a da Berta Chaefer Gallery, a da Norlyst Gallery, outras en varios museos de California, de Virxinia e de Alemaña, no Centre Pompidou de París en colaboración coa Tate Modern de Londres e no Museo Raíña Sofía de Madrid.

Entre os múltiples premios que lle concederon, salientamos: en 1997 o Lifetime Achievement in Contemporary Sculpture Award, do International Sculpture Center, en Hamilton (NJ, USA), e a Medalla Nacional das Artes; en 2003, o Premio da Fundación Wolf das Artes de Jerusalén; en 2008 a condecoración da Lexión de Honra do Goberno francés e o Premio Aragón-Goya que outorga o Goberno de Aragón.